DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 27 de XULLO DE 2018

Orde do día da sesión Plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 27 de xullo e 2018, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

*Declaración institucional da Deputación da Coruña en apoio á Plataforma Casalonga limpa de residuos

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 9/2018, do 29 de xuño.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia desde o 26 de xuño ata o 22 de xullo de 2018.

3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data do Pleno ordinario correspondente ao octavo mes de 2018.

4.- Proposición da Presidencia sobre ratificación da Resolución de comparecencia en recurso contencioso-administrativo contra acordo plenario.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega correspondente á subvención nominativa para financiar a programación do ano 2018.

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para financiar o mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional "A Escada" no ano 2018

7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza para financiar o programa de Voluntariado Social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2018: accións informativas e formativas.

8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para financiar o mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias no ano 2018.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

9.-Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para financiar o proxecto "Programa de Intermediación laboral".

10.-Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar o proxecto "XXXV Mostra Olería de Buño 2018".

Comisión de Infraestruturas viarias, vías e obras provinciais e medio ambiente

11.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2018, cuarta fase.

12.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2018, terceira fase.

13.-Aprobación do Plan de investimentos en vías provinciais 2018, cuarta fase.

14.-Aprobación do modificado 2º da obra de ampliación e mellora do trazado na D.P. 5404 do PK 3,500 ao 6,500 de Xubia á praia de Frouxeira (Narón) .

15.-Aprobación provisional do proxecto Modificado nº 1 do de acondicionamento da DP 1603 ao seu paso pola travesía de Ponte do Porto, do P.Km. 0,000 ao 0,330 (Camariñas), do Plan de travesías 2016, segunda fase.

16.-Aprobación do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016 – Plan adicional 2ª fase.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

17.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiso para financiar a obra "Camiño do Castro-Cruce Reboredo e outro"

18.-Aprobación inicial do expediente de desafectación e cesión urbanística ao Concello de Santiago de Compostela, dunha parte do predio situado na rúa Vista Alegre número 11 (local As Brañas de San Andrés/Pelamios)

19.-Aprobación da transferencia á Deputación Provincial da Coruña dos Ramais de conexión do enlace da Autovía AG-64, na contorna do P.K. 36+730, coas estradas DP 7001, DP-7003 e o Polígono Industrial dos Airíos.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

20.-Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora de camiños municipais: travesía do Campo do Oito, camiño de Limpadoiros e camiño e travesía de Teloi", do Concello de Cabanas, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.2100.0010.0

21.-Aprobación da modificación do proxecto da obra "Mellora estradas San Lázaro, Antón Paz Míguez e outras" do Concello da Pobra do Caramiñal, incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 co código 15.3110.0331.0.

22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muxía para o financiamento da obra de "Acondicionamento acceso á Praia do Lago dende Os Muiños"

23.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Noia para o financiamento da obra de "Recuperación ambiental do borde marítimo da costa de Abruñeiras. Tramo 1"

24.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ordes para o financiamento do "Festival de arte urbana. Desordes Creativas 2017"

25.-Aprobación do convenio polo que se establecen as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra para regular o proxecto "Parque Compostela Rupestre"

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

26.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xuño de 2018 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 30 de xuño de 2018.

27.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30/06/2018 e proxección a 31/12/2018.

28.-Aprobación do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao segundo trimestre de 2018 na Deputación provincial e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

29.-Aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 5/2018.

30.-Aprobación definitiva da Conta Xeral do orzamento da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao exercicio 2017.

31.-Toma de coñecemento da aprobación definitiva do Plan económico - financeiro 2018-2019 (art. 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira).

Fóra da orde do día

32.-Aprobación da valoración de postos de traballo e da modificación da relación de postos de traballo 2018.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS

-Moción conxunta relativa a Lei de benestar animal de Galicia.

-Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para a creación de lugares de acollida a persoas refuxiadas nos núcleos rurais de Galicia

-Moción dos Grupos Provinciais de Marea Atlántica e Compostela Aberta en relación coa sinatura do tratado sobre a prohibición de armas nucleares.

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE XULLO DE 2018

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de xullo de 2018, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO	PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

D. JUAN ALONSO TEMBRÁS	PP
Dª PATRICIA BLANCO FIDALGO	PSOE
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
Dª. CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICO
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
Dª ROCÍO FRAGA SÁENZ	MAREA ATLÁNTICA
Dª. Mª ÁNGELA FRANCO POUSO	BNG
Dª ROSA GALLEGO NEIRA	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍÁ	PSOE
Dª SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	AA.VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
Dª INÉS MONTEAGUDO ROMERO	PP
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
Dª MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE

D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
Dª Mª GORETTI SANMARTÍN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
Dª. TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Escúsase o Sr. Díaz Grandío.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e nove minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. secretario

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA EN APOIO Á PLATAFORMA CASALONGA LIMPA DE RESIDUOS

Casalonga Limpa de Residuos é unha plataforma creada pola veciñanza afectada polo proxecto da empresa Toysal de construír unha planta de residuos nos terreos da antiga canteira da Casalonga, á beira da estrada N550 e dunha estrada provincial, entre Santiago e Padrón. O seu obxectivo principal é divulgar o problema e concienciar todas as persoas afectadas das implicacións reais individuais e colectivas de situar este proxecto en Casalonga.

A finca en que a empresa Toysal pretende construir a súa planta de residuos está localizada tan só a uns 25 metros da estrada N550 á altura de Casalonga, situándose algunha das casas máis achegadas a uns 230 metros da finca. Na contorna e rodeando todo o monte, no que se sitúa a antiga canteira de áridos, atópanse os lugares do Vilar, O Faramello, Rúa de Francos, Casalonga, Osebe, Ameneiro, Texexe, Socastro, Mouromorto, O Casal Cantoña e Cornide, os máis próximos a menos de 550 metros do seu perímetro e todos a menos de 1000 metros. A poboación media de cada un destes lugares supera os 200 habitantes, situando nesta zona cero a máis de 2.000 persoas. Se ampliamos o radio a 2000 metros da canteira veranse afectadas outras parroquias como Luou, Calo, Bugallido, Ortoño, Bastavales, etc, resultando afectadas en torno a unhas 69.000 persoas

Se temos en conta a calidade das augas e o aire, o tránsito de camións pesados ou cheiros levados polos ventos predominantes veríanse tamén afectados concellos como o de Santiago de Compostela, Ames, Rois, Valga, Padrón, Pontecesures e moitos outros.

No tocante aos servizos existentes á actividade da planta de residuos afectaría a escolas, colexios, centros de saúde, casas de turismo rural, albergues do Camiño Portugués, hostalaría, etc. A actividade agrícola é intensa en todos os lugares que rodean a canteira, aínda que a produción está dedicada case integramente ao autoconsumo.

No referente aos elementos patrimoniais da contorna, a localización da planta de residuos é pouco idónea dada a existencia nun radio de 2 km de dous castros, catro carballeiras, agrupacións de petróglifos, capelas e cruceiros, unha ponte romana, varios núcleos protexidos, etc. Todo isto fai que a zona aumentase nos últimos anos o número de visitantes dada a posta en valor dos mencionados elementos levadas a cabo tanto por institucións como por asociacións e particulares da zona.

A empresa Toysal S.L. presentou o pasado mes de decembro a solicitude de Autorización Ambiental Integrada, e simultaneamente informe ao Concello de Teo sobre compatibilidade urbanística. Solicitado o informe, o Concello requiriu da promotora copia do proxecto, coñecendo así as características básicas dunha planta que, nunha primeira valoración técnica, vai ter unha grave repercusión e incidencia sobre a vida e a actividade de todos os núcleos urbanos e rurais do seu arredor.

A situación xerada neste caso, pode repetirse en proxectos similares noutras localizacións na nosa provincia, polo que os Grupos Provinciais da Deputación da Coruña, apoiamos os obxectivos da Plataforma e mostramos a nosa preocupación ante a instalación dunha planta que pode non só causar problemas medioambientais graves, senón xerar un grave impacto na poboación que reside arredor dela.

Por todo isto, a Deputación da Coruña, acorda amosar o apoio á veciñanza do Concello de Teo afectada polo proxecto dunha planta de xestión de residuos no lugar de Casalonga, e ACORDA:

Instar ao Concello de Teo e a Xunta de Galicia a:

1. Que adopten todas as medidas necesarias, de forma conxunta e coordinada, desde un punto de vista institucional como administrativo e respectando a legalidade vixente, para evitar a instalación da citada planta de reciclaxe na Casalonga.
2. Que se impulsen os cambios lexislativos necesarios para que estas situacións, e outras de igual gravidade, non se dean en solos próximos a zonas residenciais de Galicia.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 9/2018, DO 29 DE XUÑO.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior número 9/2018, do 29 de xuño.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA DESDE O 26 DE XUÑO ATA O 22 DE XULLO DE 2018.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia desde o 26 de xuño ata o 22 de xullo de 2018.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO OCTAVO MES DE 2018.

O Pleno por unanimidade ratifica a inclusión deste punto na orde do día e aproba tamén por unanimidade a seguinte proposición da Presidencia:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados e funcionarios e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada do día 31 de agosto, o que aconsella retrasar esa data,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 4 de agosto de 2015,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao oitavo mes de 2018 celebrarase o día 14 de setembro, venres, a partir das doce horas".

4.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE COMPARECENCIA EN RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA ACORDO PLENARIO.

Procédese a votar a ratificación da inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (8 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (PP, a Sra. Gallego Neira, o Sr. Hernández Fernández de Rojas, o Sr. López Varela, o Sr. Vázquez Quintián e a Sra. Villaverde Pais)

Seguidamente, procédese á votación da proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 16 deputados (13 do PP, 2 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

O Pleno desta Deputación en sesión de 26 de xaneiro de 2018 acordou desestimar a reclamación presentada por Dª María Jesús Sánchez Chouza de modificación da relación de postos de traballo aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2017.

De seguido, pola representación procesual de dona María Jesús Sánchez Chouza interpúxose recurso contencioso-administrativo sobre Relación de Postos de Traballo 2018. Na quenda de repartición correspondeulle coñecer ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, con nº PA 90/2018.

Por Resolución da Presidencia nº 23601/2018 de 6 de xullo de 2018, dispúxose a comparecencia desta Deputación Provincial no mencionado procedemento:
"Que este organismo compareza, como parte demandada, nos referidos autos, encomendándolle a representación e defensa aos letrados da Asesoría Xurídica da Corporación provincial"

Da devandita Resolución tomou coñecemento a Xunta de Goberno en sesión de 20 de xullo de 2018.

Á vista do anterior e segundo o disposto no art. 34.1.i) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por tratarse da impugnación dun acordo plenario,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Ratificar a Resolución da Presidencia nº 23601/2018 de 6 de xullo de 2018, pola que se dispón a comparecencia da Deputación Provincial no PO 90/2018, interposto por dona María Jesús Sánchez Chouza sobre Relación de Postos de Traballo 2018".

5.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN DO ANO 2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para financiar a *Programación do ano 2018*, por importe de **30.000 €**, cun orzamento subvencionado de 53.933,69, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de xullo de 2018.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

"**Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para financiar a *Programación do ano 2018***

Na Coruña,

REÚNENSE

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a –----------en representación da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)
Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que

integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

Así mesmo, a Deputación vén desenvolvendo un amplo programa de actuacións orientado á utilización das novas tecnoloxías como medio privilexiado de comunicación e á difusión de información relevante para a cidadanía.

2.- A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) foi fundada no ano 1980 e, na actualidade representa os intereses dun total de 454 escritoras e escritores.

A AELG traballa de cara á promoción dos autores, á súa visibilidade pública ao fomento da súa interconexión e intercambio de ideas, proporcionando foros para o debate.

3.- A AELG conta cun portal web que é todo un referente de consulta para as persoas asociadas e para o conxunto da sociedade; neste portal inclúese o *Centro de Documentación de Escritores en Lingua Galega*, que foi posto en marcha coa colaboración desta Deputación.

4.- Ademais, a AELG conta cun *Espazo Didáctico* no que se ofrece material aos centros educativos; cunha editora virtual *Aelg Editora*, para dar oportunidade de editar aos máis novos; cunha *Aula de escritores*, espazo reservado para a oferta de cursos on-line dirixidos a docentes; co apartado *Literatura na rede*, onde se seleccionan as mellores ligazóns no ámbito literario; cunha *Axenda cultural*, que permite acceder ás novas relativas ao sector; e coa sección *Palabras na memoria*, que permite aos internautas reportar a existencia de palabras que non figuran nos dicionarios para reinsertalas no acervo lexical da nosa lingua.

5.- A AELG celebra unha serie de citas anuais: a homenaxe *"O escritor na súa terra",* dedicada a un autor veterano das nosas letras; a homenaxe *"Os bos e xenerosos"* no que se destaca non só unha traxectoria literaria, senón o compromiso ético coa literatura galega; os *Premios AELG* ás mellores obras literaria do ano.

6.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados aos fins arriba sinalados e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (NIF: G15039936) para financiar a ***Programación do ano 2018.***

Nestas actividades inclúense as seguintes actuacións:

* Dia de Rosalía de Castro

* Gravación dunha entrevista de longa duración ao informante de literatura de tradición oral Manuel Pazos "Pazos de Merexo" (comarca de Fisterra) para a sección Mestras/es da Memoria da web da AELG. Inclúe edición de vídeo, catalogación, transcrición dos contidos e subida á web.

* Gravación dunha entrevista de longa duración ao informante de literatura de tradición oral Luz Fandiño (comarca de Santiago) para a sección Mestras/es da Memoria da web da AELG. Inclúe edición de vídeo, catalogación, transcrición dos contidos e subida á web.

* Elaboración por parte dun socio da AELG e xeorreferenciación dun roteiro literario pola provincia para a sección “O Territorio do/a Escritor/a”.

* Servizo de difusión dos contidos da web da AELG a través de Twiter.

* Servizo de información sobre a actualidade do sistema literario (Axenda Cultural da AELG e redes sociais -Facebook e Twitter-).

* Mantemento de infraestruturas tecnolóxicas e mantemento correctivo e evolutivo de software da web da AELG e da aplicación de socios-as.

* Asesoría laboral contábel e fiscal.

* Escola de Escritoras e Escritores da AELG: Obradoiro de creación literaria na provincia da Coruña.

* III Xornadas de Literatura Dramática.

* Homenaxe “O/A Escritor/a na súa Terra –Letra E”.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Dia de Rosalía de Castro

Desprazamento presidencia		55,00 €
Traballos realizados por outras empresas		2.069,15 €
Soldos, salarios		351,50 €
Seguridade Social		133,00 €
	SUBTOTAL	***2.608,65 €***

Gravación dunha entrevista de longa duración ao informante de literatura de tradición oral Manuel Pazos "Pazos de Merexo" (comarca de Fisterra) para a sección Mestras/es da Memoria da web da AELG.

Soldos, salarios	351,50 €
Seguridade Social	133,00 €
Servizos Especialistas (Coordinación, guión edición vídeo)	430,00 €
Desprazamento coordinador	70,30 €
Traballos realizados por outras empresas	2.500,00 €
SUBTOTAL	***3.484,80 €***

Gravación dunha entrevista de longa duración ao informante de literatura de tradición oral Luz Fandiño (comarca de Santiago) para a sección Mestras/es da Memoria da web da AELG. Inclúe edición de vídeo, catalogación, transcrición dos contidos e subida á web da AELG.

Soldos, salarios	351,50 €
Seguridade Social	133,00 €
Servizos Especialistas (Coordinación, guión edición vídeo)	430,00 €
Desprazamento coordinador	42,56 €
Traballos realizados por outras empresas	2.500,00 €
SUBTOTAL	***3.457,06 €***

Elaboración por parte dun socio/a da AELG e Xeorreferenciación dun roteiro literario pola provincia para a sección "O Territorio do/a Escritor/a".

Soldos, salarios	351,50 €
Seguridade Social	133,00 €
Elaboración texto roteiro na provincia da Coruña	600,00 €
Tradución a inglés	400,00 €
Traballos realizados por outras empresas (Xeorreferenciación roteiro)	1.300,00 €
SUBTOTAL	***2.784,50 €***

Servizo de difusión dos contidos da web da AELG a través de Twiter.

Traballos realizados por outras empresas (Dinamización dos contidos da web)	2.178,00 €
SUBTOTAL	***2.178,00 €***

Servizo de información sobre a actualidade do sistema literario (Axenda Cultural da AELG e redes sociais -Facebook e Twitter-)

Traballos realizados por outras empresas (Axenda Cultural da AELG e redes sociais)	7.260,00 €
SUBTOTAL	***7.260,00 €***

Mantemento de Infraestruturas tecnolóxicas e mantemento correctivo e evolutivo do software da web da AELG e da aplicación de Socios-as

Traballos realizados por outras empresas:		
HelpDesk Avanzado. Soporte anual de usuario 2018 .		1.200,00 €
Backup. Almacenamento e verificación mensual de compresión/restauración 2018.		2.040,00 €
Monitorización 2018		600,00 €
Hosting 2018		2.400,00 €
Traballos realizados por outras empresas		560,00 €
	SUBTOTAL	***6.800,00 €***
Asesoría laboral, contábel e fiscal	***SUBTOTAL***	***3.766,50 €***

Escola de Escritoras e Escritores da AELG: Obradoiro de creación literaria na provincia da Coruña

Soldos, salarios		625,50 €
Seguridade Social		233,00 €
Desprazamentos Presidencia (configuración do obradoiro na entidade local e acto de clausura		120,00 €
Escritor/a convidado/a		150,00 €
Impartición obradoiro creación literaria		1.000,00 €
	SUBTOTAL	***2.128,50 €***

III Xornadas de Literatura Dramática. "O Papel da Literatura Dramática no proxecto dun teatro nacional"

Traballo realizados por outras empresas:		
Hotel coordinador		70,00 €
Hotel Master Class		130,00 €
Billete avión Master Class		320,00 €
Deseño e maquetación cartel		363,00 €
Gravación Xornada Lit. Dramática		850,00 €
Subida web vídeos Xornada Lit. Dramática		220,00 €
Clase Maxistral Xor. Lit. Dramática		329,00 €
Comidas autor-a clase maxistral		55,00 €
Comidas coordinador xornadas		55,00 €
Telefonía		165,00 €
Soldos, salarios e seguridade social		2.607,10 €
Servizos especialistas (Coordinación xeral, conferencias, moderación mesas redondas)		1.540,00 €
Servizos especialistas (Pezas dun teatro do por vir 1, 2, 3, 4)		1.200,00 €
	SUBTOTAL	***7.904,10 €***

Homenaxe "O/A Escritor/a na súa Terra –Letra E"

Xantar Letra E		2.000,00 €
Dietas desprazamento presidencia		83,65 €
Traballos realizados por outras empresas (Deseño e maquetación, impresión polípticos, Monolito – elaboración		

e instalación-, elaboración escultura, reportaxe vídeo e fotográfico)	4.396,83 €
Servizos especialistas (elaboración e lectura da laudatio letra E)	200,00 €
Música	400,00 €
Adaptación e subida á web contidos videográficos e fotográficos	400,00 €
Envío polípticos Letra E a socios-as e autoridades	52,10 €
Soldos, salarios e seguridade social	4.029,00 €
SUBTOTAL	***11.561,58 €***
TOTAL	**53.933,69 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €,** o que representa unha porcentaxe do 55,624 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 55,624 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a AELG obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á AELG.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza á AELG para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 €, con carácter previo á contratación, a AELG deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da AELG.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á AELG unha vez que se presente de xeito **telemático** a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da AELG, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades obxecto deste convenio, realizadas durante o ano 2018.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.
1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2018, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a AELG deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2019.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á AELG para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á AELG da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola AELG na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a AELG terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A AELG deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A AELG destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a AELG deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a AELG poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a AELG queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do

control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns , 22 de xuño do 2015).

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns 22 de xuño de 2015).

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da AELG serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á AELG será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da AELG, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA FINANCIAR O MANTEMENTO XERAL E A RESERVA DE CINCO PRAZAS NO CENTRO OCUPACIONAL "A ESCADA" NO ANO 2018

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20 de xuño de 2018 que consta no expediente.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Culleredo, CIF P1503100H, para financiar o Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2018, por importe de achega de 70.000,00€, que supón unha porcentaxe do 45,438% do orzamento subvencionado que é de 154.054,20 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201 do orzamento vixente.

3.- Condicionar a vixencia do convenio e a aprobación do expediente á efectiva obtención do crédito adecuado e suficiente no exercicio 2019.

Número: /2018

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA FINANCIAR O MANTEMENTO XERAL E A RESERVA DE CINCO PRAZAS NO CENTRO OCUPACIONAL "A ESCADA" NO ANO 2018

Na Coruña, ____ de _____ de _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social,Educación e Políticas de Igualdade e Política de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 1567/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

Dna. María Guadalupe Pombo Carril, concelleira delegada de Área de Benestar Social e Igualdade do Concello de Culleredo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Na Lei de servizos socias para Galicia 13/2008, art. 63 menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo os programas de inserción e integración das persoas con discapacidade de competencia dos concellos, polo que está xustificado o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades do que se trata no convenio, consistente en facilitar ás persoas con diversidade funcional o acceso a actividades ocupacionais, o que supón unha actividade de integración e de mellora da calidade de vida destas.

Que o Concello de Culleredo no ámbito das súas competencias, ten un Centro ocupacional para persoas adultas con discapacidade intelectual, denominado "A Escada".

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Culleredo ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo, CIF P1503100H, para o financiar o Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada", para persoas usuarias procedentes dos diferentes concellos da área metropolitana da Coruña: Oleiros, Sada, A Coruña, Bergondo, Betanzos, Abegondo, Cambre, Carral, Arteixo e Cerceda.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

O Concello de Culleredo levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de persoal	Pedagoga	45.484,61 €
	Monitora taller	27.653,79 €
	Auxiliar socioeducativa	15.958,58 €
	Auxiliar administrativa	3.810,28 €
	Conserxe	1.835,64 €
	Xefa de Sección de Atención especializada	10.161,30 €
Mantemento de edificio e maquinaria	Mantemento alarma e reparacións eléctricas, maquinaria taller, mantemento calefacción, contedores hixiénicos, extintores, fontanería, pintura do centro, etc	7.600,00 €
Subministracións	Obradoiros artesanía, cociña, teléfono, vestiario, farmacia, gas, luz, etc	500,00 €
Transporte		16.900,00 €
Seguros		800,00 €
Gastos diversos	Gastos banco, etc	600,00 €
Traballos a realizar por outras empresas	- Obradoiro físico deportivo - Obradoiro de artesanía - Asesoría afectivo sexual	21.750,00 €

CONCEPTO		IMPORTE
	Dietas	1.000,00€
TOTAL GASTOS		154.054,20 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 70.000,00€, o que representa unha porcentaxe de 45,438%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 45,438%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando o Concello de Culleredo que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2018 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Culleredo de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao Concello de Culleredo o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.No procedemento de contratación, o Concello de Culleredo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.No caso de que o Concello de Culleredo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Culleredo**.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na base 58ª das de execución do orzamento para o ano 2018 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Culleredo, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de Culleredo estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Culleredo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Culleredo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Culleredo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, que realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018**.

2. Unha vez realizada a actividade, o Concello de Culleredo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, **antes do 31 de maio de 2019.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello de Culleredo para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Culleredo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Culleredo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Culleredo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Culleredo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Culleredo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Culleredo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Culleredo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Culleredo serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Culleredo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2019,** todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2.Para o caso de que o Concello de Culleredo non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de maio de 2019**, deberá solicitar polo menos dous

meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada , co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2019**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Culleredo perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Culleredo, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por o día
_____de_____de_____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL EN PAÍSES EUROPEOS PARA MOCIDADE DESEMPREGADA NO ANO 2018: ACCIÓNS INFORMATIVAS E FORMATIVAS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención

nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de data 29 de xuño de 2018 que consta no expediente.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade Fundación Paideia Galiza, CIF G15798655 para financiar o Programa de voluntariado social en países europeos para a mocidade desempregada no ano 2018: Accións informativas e formativas, por importe de 17.000€, que supón unha porcentaxe do 70% do orzamento subvencionado que é de 24.285 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio e con cargo á partida 0611/23121/481.

3.- Condicionar a vixencia do convenio e a aprobación do expediente á efectiva obtención do crédito adecuado e suficiente no exercicio 2019.

Número__ /2018

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL EN PAÍSES EUROPEOS PARA MOCIDADE DESEMPREGADA NO ANO 2018: ACCIÓNS INFORMATIVAS E FORMATIVAS.

Na Coruña, ... de .....de..... na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero, en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

Dna. Sandra Ortega Mera, presidenta da Fundación Paideia Galiza.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

É competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo

o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Por outra banda, segundo consta nos seus estatutos, a Fundación Paideia Galiza ten como obxecto a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, de fomento da economía social e de promoción do voluntariado, así como calquera forma de atención, formación e intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Paideia Galiza, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Paideia Galiza, con CIF G15798655, para financiar as accións informativas e formativas do Programa de voluntariado social en países europeos para douscentos xoves con idades entre 18 e 30 anos en situación de desemprego da provincia da Coruña, para o ano 2018.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Fundación Paideia Galiza, levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE	
Gastos de persoal (nóminas e seguridade social)		18.700,00 €
Persoal técnico e administrativo	17.700,00 €	
Persoal xestión publicidade e difusión	1.000,00 €	
Material difusión (camisetas, mochilas, bolígrafos, folletos,..)		2.200,00 €
Gastos da actividade (desprazamentos)		595,00 €
Gastos xerais:		2.790,00 €
Subministracións (auga e electricidade)	700,00 €	
Teléfono e internet:	600,00 €	
Material oficina e informático:	790,00 €	
Limpeza:	700,00 €	
TOTAL		**24.285,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **70%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que

represente o **70%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á Fundación Paideia Galiza de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Fundación Paideia Galiza tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza**.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2018.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, **antes do 31 de maio de 2019**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á

Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Paideia Galiza terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Fundación Paideia Galiza deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2019,** todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a Fundación Paideia Galiza non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2019, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2019. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Fundación Paideia Galiza perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día _____de_____de_____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A DEPUTADA DE BENESTAR SOCIAL,A PRESIDENTA DA FUNDACIÓN PAIDEIA EDUCACIÓN E POLÍTICAS DEGALIZA
IGUALDADE DE XÉNERO

Asdo.: Ánxela Franco Pouso Asdo.: Sandra Ortega Mera"

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS NO ANO 2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Carballo, CIF P1501900C para financiar o Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias. Ano 2018, por importe de achega de 30.000,00€, que supón unha porcentaxe do 12,77% do orzamento subvencionado que é de 235.000,00 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201 do orzamento vixente.

3.- Condicionar a vixencia do convenio e a aprobación do expediente á efectiva obtención do crédito adecuado e suficiente no exercicio 2019.

Número__ /2018

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA FINANCIAR O *MANTEMENTO DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS NO ANO 2018*

Na Coruña,

REUNIDOS

Dona. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das resolucións da Presidencia nº 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

Don Evencio Ferrero Rodríguez, alcalde presidente do Concello de Carballo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que o Concello de Carballo é competente para a xestión da Unidade Asistencial de Drogodependencias, conforme co previsto no art. 25 da Lei de bases de réxime local 7/85 de 2 de abril e art. 62 e 14 da Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Que a Deputación da Coruña, e competente para colaborar na xestión indicada, conforme ao previsto na citada Lei de bases de réxime local art. 36, de conformidade coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 art. 109 e 119 así como co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Carballo ambas as dúas partes, acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo co CIF P-1501900C, para o financiar o M*antemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias* que presta servizos de atención e tratamento de drogodependencias así como programas de protección da saúde, aos concellos de Camariñas, Fisterra, Malpica, Cee, A Laracha, Muxía, Ponteceso, Coristanco, Laxe, Cabana, Vimianzo, Zas, Corcubión e Dumbría.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR O CONCELLO DE CARBALLO

O Concello de Carballo levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1.- Gastos de persoal	
1.1. Retribucións básicas e complementarias	152.000,00
1.2. Seguridade Social	40,000.00
1.3. Gastos formación do persoal e locomoción do persoal	1.000,00
2.- Produtos farmacéuticos e sanitarios	
2.1. Produtos farmacéuticos	1.500,00
2.3. Material sanitario de consumo	1.500,00
3.- Outros aprovisionamentos	
3.1. Libros e revistas	1.000,00
3.2. Material de limpeza e aseo	1.000,00
3.3. Material de oficina diverso	1.000,00
4.- **Servizos exteriores**	
4.1. Limpeza	6.000,00
4.2. Traballos realizados por outras empresas (vixilancia)	30.000,00
TOTAL DO GASTO	**235.000,00**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 12,77%.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 12,77%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o Concello de Carballo que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2018 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Carballo de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o

dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Carballo o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Carballo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello de Carballo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Carballo.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista no disposto na Base 58ª das de Execución do Orzamento para o ano 2018 ata o 50% da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Carballo pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de Carballo estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50% restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Carballo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

VII.- TERMO PARA A REALIZACION DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como se describen na cláusula primeira, deberán estar realizadas desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2018.

2. Unha vez realizada a actividade, o Concello de Carballo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, antes do 31 de maio de 2019.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Carballo para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Carballo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Carballo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora,

ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Carballo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Carballo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Carballo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Carballo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Carballo serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Carballo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xullo ata o 31 de outubro do ano 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de decembro do ano 2018**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE ORDES non poida ter presentada a xustificación **antes do día 30 de outubro de 2018**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE ORDES perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da

Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE ORDES, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña"

O Representante do Concello de Ordes

25.-APROBACIÓN DO CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE AMES, BRIÓN, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO E VAL DO DUBRA PARA REGULAR O PROXECTO "PARQUE COMPOSTELA RUPESTRE"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Acordar a iniciación do proceso de creación da Comunidade intermunicipal Parque Compostela Rupestre, que xestionará o proxecto Parque Compostela Rupestre, e da que forman parte a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra.

2.- Designar aos señores deputados Xosé Regueira Varela e José Luis García García como titulares e María Goretti Sanmartin Rei e Bernardo Fernández Piñeiro de suplentes, como representantes da Deputación no proceso de creación da Comunidade Intermunicipal de Parque Compostela Rupestre que xestionará o proxecto Parque Compostela Rupestre

3- Aprobar o texto do convenio polo que se establecen as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de **AMES, BRIÓN, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO E VAL DO DUBRA**, para regular o proxecto **"PARQUE COMPOSTELA RUPESTRE "**

4.- A firma deste convenio non supón achega provincial algunha, tan só implica cooperación na xestión, cometidos e traballos propios das accións conxuntas, a través de medios persoais e materiais, co resto de corporacións locais partícipes.

5.- Facultar ao presidente para canto proceda en orden á sinatura e execución do presente acordo.

6.-O texto do convenio é o seguinte:

CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE AMES, BRIÓN, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO E VAL DO DUBRA PARA REGULAR O PROXECTO PARQUE "COMPOSTELA RUPESTRE"

Na cidade da Coruña, ... de ... de

REUNIDOS

D/Dna. ..., en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,
D/Dna. …, en nome e representación do Concello de Ames,
D/Dna. …, en nome e representación do Concello de Brión,
D/Dna. …, en nome e representación do Concello de Santiago de Compostela,
D/Dna. ..., en nome e representación do Concello de Teo,
D/Dna. ..., en nome e representación do Concello de Val do Dubra,

MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sustentabilidade da xestión pública.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudarlles aos concellos –especialmente aos pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter as actividades e os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento

institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta de proxectos, actividades e servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así como polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sustentabilidade da actividade pública local e, en particular, dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas entidades locais co que significa no tocante a rixidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS CONSORCIADOS

Entre ambos os extremos, a Deputación Provincial da Coruña, propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de proxectos, actividades e mesmo servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios e poboación que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada actividade ou servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos –en ningún caso retribuídos- serán rotatorios entre os municipios integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

ESQUEMA OPERATIVO PARA PROXECTOS, ACTIVIDADES CONXUNTAS E SERVIZOS CONSORCIADOS

Á hora de incorporar os proxectos, servizos ou a realización de determinadas actividades conxuntas, e para cada proxecto conxunto, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e sustentable o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos da actividade ou servizo, así como as necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan os principios de eficiencia, calidade e sustentabilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluínte, os servizos que poderían someterse á cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas e emprego, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

Nesta situación, os municipios limítrofes de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin compromisos económicos, e na necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sustentabilidade das accións que se poden desenvolver desde o ámbito local para promover os valores de arte rupestre deste territorio,

ACORDAN

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio de cooperación para implementar e xestionar conxuntamente o **proxecto de promoción e posta en valor do arte rupestre no parque Compostela Rupestre**, de acordo coas seguintes BASES:

Primeira.- Definición.

1. Os Concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de Bases de Réxime Local e na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto Compostela Rupestre, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.

2. O presente convenio formúlase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, a este resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

3. A comunidade intermunicipal é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida do proxecto referido no apartado 1. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, nin disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.

Segunda.- Natureza e interpretación.

1. O presente convenio, formalizado co carácter dunha relación xurídica convencional de carácter administrativo, un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable, que se establece entre os concellos limítrofes de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra, coa participación da Deputación Provincial da Coruña.

2. A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes ou das que se adhiran nun futuro.

3. A interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio marco correspóndenlle ao Consello de dirección, despois dos informes emitidos polos funcionarios das corporacións locais que se designen en cada caso en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.

Terceira.- Obxecto, fins, principios e coordinación.

1. As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes a fin de promover e xestionar de forma conxunta o proxecto de promoción e posta en valor do arte rupestre, no marco das competencias propias que lles corresponden en materia de promoción económica, desenvolvemento territorial e turismo.

2. As actuacións concretas a levar a cabo, de conformidade co procedemento regulado na base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión das actividades a desenvolver (Memoria e Plan de actuación), serán aprobados polo Consello de dirección que se regula na base oitava, a partir do momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento previsto na base sétima, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.

3. As actuacións xestionadas conxuntamente, rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sustentabilidade, empregándose para a súa prestación os medios humanos e materiais dos concellos e, no seu caso, da Deputación provincial. Debidamente xustificada a insuficiencia de medios destas administracións, procederase a súa contratación consonte ao previsto na lexislación reguladora de contratos do sector público.

4. Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia no desenvolvemento deste proxecto, procurarase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración Xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.

Cuarta.- Ámbito territorial e funcional da xestión conxunta do proxecto.
1. A xestión conxunta deste proxecto desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo, do Dubra e Val do Dubra.

2. As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas e emprego, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos e servizos técnico-administrativos.

3. Asemade, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, á conservación, defensa e posta en valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado desenvolvemento do proxecto.

Quinta.- Lugar de reunións e arquivo da documentación administrativa.
1. As reunións e demais xestións a realizar polo Consello de dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento desempeñe a Presidencia.

2. Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación Provincial baixo a responsabilidade do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

Sexta.- Duración.
1. Ao abeiro do disposto no artigo 49.h 1º da Lei do réxime xurídico do sector público, este convenio terá unha vixencia de catro anos, prorrogables expresamente por un máximo de catro anos adicionais. Xa que logo, as entidades asinantes comprométense a manter a súa participación e a súa vinculación a estas bases, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de catro anos, a non ser que puidera acordarse unha resolución anticipada do convenio por finalización do seu obxecto e finalidade antes de que teña transcorrido dito prazo.

2. No caso de que algunha das partes instase a súa resolución anticipada, o membro que desexe separarse, deberá manifestar dita vontade, mediante acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que esta se pretenda facer efectiva. En tal caso, procederase a constituír a comisión liquidadora á que se fai referencia na base décimo novena.

Sétima.- Procedemento para a xestión conxunta do proxecto.
1. Para a xestión conxunta do proxecto deberá tramitarse un expediente para redactar unha Memoria e Plan de actuación que deberá contar, entre outros, cos seguintes apartados:

1. Antecedentes, medios persoais e materiais necesarios adscritos, ingresos e gastos orzamentarios.
2. Delimitación e alcance das prestacións a realizar concretadas nun Plan director do proxecto.

3. Estudo económico-financeiro, no que se fixen os custos unitarios das prestacións a realizar en cada un dos concellos e forma de financialas (recursos xerais, taxas, prezos públicos, prezos privados, transferencias dos concellos e subvencións). No seu caso, este apartado incluirá un borrador de ordenanza de taxas ou prezos públicos. En todo caso, cada concello deberá garantir o financiamento da totalidade do custo que lle sexa atribuído.
4. Estudo técnico-organizativo interno, coa descrición de tarefas a realizar polo persoal e, no seu caso, funcionamento operativo das instalacións.
5. Proposta sobre a forma de xestión de cada unha das accións, contratos de obras, servizos ou subministracións, mesmo coa posibilidade de delegar a xestión na Deputación Provincial da Coruña.
6. Formas de seguimento e participación dos concellos na xestión conxunta.

2. Asemade, tamén será un requisito previo para a xestión compartida dalgún servizo, a aprobación da Memoria e Programa de actuación, así como, no seu caso, ordenanzas reguladoras de taxas ou de prezos públicos (no caso de realización de prestacións individualizadas co carácter de servizo público), que deberán tramitarse consonte ao seguinte procedemento:

- Aprobación inicial da Memoria e Programa de actuación por cada un dos concellos, así coma, no seu caso, regulamento do servizo, ordenanzas fiscais ou reguladora de prezos públicos.
- Exposición ao público por prazo de trinta días, para o efecto de que as persoas interesadas poidan presentar reclamacións ou suxestións.
- Aprobación definitiva por cada concello, coa forma de xestión que se teña determinado, e aprobación definitiva, no seu caso, da ordenanza fiscal ou de prezos públicos, consonte ao disposto na Lei 7/85 e no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3. Finalmente, no caso de que se propuxera a xestión das actuacións a desenvolver pola Deputación, deberá adoptarse o acordo de delegación por cada un dos concellos e a posterior aceptación pola Corporación provincial, coa maioría esixida polo artigo 47.2 h) da Lei 7/85, de bases de réxime local. Neste suposto, á delegación da xestión das actividades ten que engadirse a relativa a xestión e recadación da taxa ou prezo público correspondente, de acordo coas bases aprobadas pola Deputación para esta finalidade.

Oitava.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.

1. A xestión compartida do proxecto estará impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. Dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

α) Dúas persoas representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo unha delas o titular da Alcaldía ou concelleiro/a no que delegue.

β) Dúas persoas representantes da Deputación Provincial da Coruña, nomeadas entre os membros da Corporación.

Sen prexuízo desta composición, a presidencia poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, o persoal funcionario ou técnico especializado que conveña nalgún asunto determinado.

3. A presidencia do órgano recaerá na persoa titular da alcaldía que corresponda, segundo un procedemento rotatorio de carácter anual, partíndose inicialmente do concello de maior poboación dos partícipes e consecutivamente.
4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das axudas de custo e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a corporación respectiva.
5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación, coas funcións da base décimo cuarta.

Novena.- Atribucións do Consello de dirección.
O Consello de dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

a) Nomear á persoa titular da presidencia que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.
b) O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a xestión do proxecto.
c) Aprobar inicialmente e propor ás corporacións partícipes a modificación do presente convenio e a proposta inicial da Memoria, Programa de actuación e acordos específicos para a xestión compartida, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.
d) Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación das actividades conxuntas, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sustentabilidade.
e) Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, xestión de servizos públicos, servizos, subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse no desenvolvemento do proxecto.
f) Aprobar a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.
g) Acordar a resolución do presente convenio.
h) Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.

Décima.- Distribución de votos e adopción de acordos.
1. Os acordos do Consello de dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.

2. Con todo, calquera modificación do convenio requirirá o consentimento unánime de todos os membros.

Décimo primeira.- Réxime de sesións.
1. O Consello de dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses, e extraordinaria cando así o dispoña a Presidencia ou o solicite polo menos a terceira parte dos seus membros que, a súa vez, representen a terceira parte dos votos.

2. En tal caso, recibida a solicitude, o Presidente deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.

3. Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.

Décimo segunda.- Atribucións da Presidencia.

Corresponde á Presidencia exercer as seguintes atribucións:

a) Convocar, presidir e dirixir as sesións do Consello de dirección e calquera outro órgano de carácter colexiado que puidese crearse ao abeiro do presente convenio.

b) Representar ás entidades partícipes en relación coa xestión do proxecto.

c) Velar polo cumprimento do convenio, dos programas de actuación e xestión conxunta e dos acordos adoptados polo Consello de dirección.

Décimo terceira.- Disposicións xerais.

1. Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.

2. Subsidiariamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.

Décimo cuarta.- Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico.

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación provincial.

Décimo quinta.- Recursos humanos e materiais.

1. Os cometidos e traballos das accións conxuntas poderán ser realizados, de acordo co Plan de actuación, polo persoal das entidades e administracións participantes ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos previstos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.

2. Para a xestión conxunta utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.

Décimo sexta.- A separación dalgún membro.

1. Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se produza nos contratos, convenios e demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de dirección na que se fixen as condicións e efectos da separación unilateral.

2. Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte ás accións que se desenvolven conxuntamente, cando así o estime o Consello de dirección, previo expediente tramitado para o efecto e con requirimento á corporación interesada para que asuma o compromiso incumprido no prazo establecido para o efecto, coa advertencia de que de non atendelo procederase a súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo a súa separación definitiva.

Décimo sétima.- Modificación e resolución.
1. A modificación das presentes bases requirirá o acordo inicial do Consello de dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.

2. Co mesmo procedemento, este convenio poderá resolverse polas seguintes causas:

a) Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.

b) Por disposición legal o por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.

c) Cando así o acorde o Consello de dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.

3. O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades conxuntas, previa constitución dunha comisión liquidadora que proporá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.

Décimo oitava.- Entrada en vigor e aplicación.
1. Unha vez tomados os acordos correspondentes polas corporacións interesadas e a sinatura deste convenio, no prazo de quince días constituirase o Consello de dirección regulado na base oitava.

2. O Consello de dirección, unha vez constituído, designará aos técnicos responsables da elaboración do Plan de actuación, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte ao disposto no presente convenio.

O representante da Deputación da Coruña
O representante do Concello de Ames O representante do Concello de Brión
O representante do Concello de Santiago de Compostela
O representante do Concello de Teo O representante do Concello de Val do Dubra"

26.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2018 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 30 DE XUÑO DE 2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do mes de xuño de 2018.

2.- Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial

Contraincendios e Salvamento da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de xuño de 2018.

3.- Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

27.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 30/06/2018 E PROXECCIÓN A 31/12/2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de xuño de 2018, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2018 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

28.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2018 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º. Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.

2º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3º. Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda."

29.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 5/2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 5/2018 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 16.790.376,43 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):		**A.2) Baixas (fontes de financiamento):**	
CE. Créditos extraordinarios:	730.376,43	Remanente de tesourería:	4.443.730,59
SC. Suplementos de crédito:	16.060.000,00	Baixas por anulación:	12.346.645,84
		Maiores ingresos	0,00
Total aumentos:	**16.790.376,43**	**Total financiamento:**	**16.790.376,43**

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	**Altas**	**Baixas**
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	730.376,43	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Trans. Correntes	776.030,11	346.645,84
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	18.000,00	0,00
7. Trans. de capital	15.265.969,89	12.000.000,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	**16.790.376,43**	**12.346.645,84**

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	**Altas**
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	0,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Alleamento investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	4.443.730,59
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	**4.443.730,59**

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o estabelecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2018, exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento estabelecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento vén explicado pola utilización de remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

30.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º. Aprobar a Conta Xeral do Orzamento da Deputación Provincial da Coruña na que se incorpora como documentación complementaria á Conta Xeral a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2017, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sen que se presenten reparos ou observacións á devandita Conta.

2º. Renderlle ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas e remitirlle á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais a Conta, unha vez que se aprobe definitivamente.

3º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a información que contén a Conta Xeral do Orzamento da Deputación e a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2017, para xeral coñecemento."

31.-TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ECONÓMICO - FINANCEIRO 2018-2019 (ART. 21 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA).

Logo de ver o Plan Económico-financeiro subscrito polo Presidente desta Deputación Provincial da Coruña do 2 de maio de 2018, cuxa necesidade se orixina pola Liquidación do Orzamento Provincial do exercicio 2017.

Considerando que o Plan proposto é conforme ao establecido no artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e ao artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Publicado inicialmente no Boletín Oficial da Provincia número 117, do xoves 21 de xuño de 2018, sen que houbera reclamacións durante o período de exposición pública establecido para o efecto e publicada a súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia número 139, do luns 23 de xullo de 2018.

Esta comisión adopta por asentimento o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Tomar coñecemento da aprobación definitiva do Plan económico-financeiro 2018-2019 da Deputación Provincial da Coruña ao non se formularen reclamacións no prazo de exposición ao público, de acordo co disposto no artigo 20.1 do R.D. 500/1990, do 20 de abril e art. 169.1 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e pola

resolución do Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos de data 15 de xuño de 2018.

SEGUNDO. O Plan Económico-financeiro remitirase para o seu coñecemento á *Comisión Nacional de Administración Local* e publicarase na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.

32.-APROBACIÓN DA VALORACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2018.

INTERVENCIÓNS

Sr. presidente

Hai unha proposta como punto número 32 de inclusión na orde do día por parte do deputado de Economía.

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Nós traemos aquí unha proposta, é unha moción de urxencia, como xa saben vostedes xa se comentou na Comisión desta mañá, era para incluír no debate e posterior votación fóra da orde do día do que son as modificacións e a aprobación da valoración de postos de traballo, que vimos desenvolvendo durante todo este tempo, e poder incluíla e proceder á súa aprobación, se o cren oportuno.

Procédese a votar a urxencia, que é aprobada por unanimidade.

Seguidamente vótase o ditame da Comisión:

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do Partido Popular, acorda:

"Visto o acordo da Mesa Xeral de Negociación do 06/07/2018 e os informes do Servizo de Planificación e Xestión de RRHH, da Intervención Xeral e da Secretaría Xeral, proponse que o Pleno adopte o seguinte acordo, **APROBAR**:

VALORACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.

-MEMORIA EXPLICATIVA.

O pleno provincial en reunión celebrada o 31 de marzo de 2017 aprobou, sen votos en contra, o Plan de ordenación de recursos humanos (RRHH) 2017-2019 que define como obxectivos fundamentais:

"Potenciar a asistencia económica, técnica e xurídica que a Deputación da Coruña presta aos concellos, así como os servizos que desenvolve cara á cidadanía.

Para acadar este ambicioso obxectivo é necesario acometer unha serie de medidas que posibiliten unha Deputación aínda máis aberta aos concellos e a cidadanía. Interrelacionadas entre si e actuando de modo sinérxico, as ditas medidas permitirán que os servizos e unidades que conforman a Deputación poidan dedicar máis recursos humanos a incrementar e mellorar os servizos aos concellos e á cidadanía. Trátase de gañar en eficacia na xestión interna, promover a máxima eficiencia do persoal e mellorar os fluxos de traballo e a coordinación.

O éxito do plan virá marcado en gran medida na obtención do máximo rédito posible das capacidades e coñecementos dos empregados públicos, mediante medidas que potencien a tecnificación e o compromiso do cadro do persoal, para así poder acometer con garantías as novas funcións e responsabilidades".

A Valoración de Postos de Traballo (VPT) é a medida máis importante incorporada no devandito plan, porque permitirá establecer e valorar en cada posto de traballo as novas funcións e responsabilidades que son necesarias para poder potenciar a asistencia aos concellos e os servizos á cidadanía.

Como é ben sabido o financiamento dos concellos ten un histórico déficit estrutural que vai en aumento debido a que cada vez se ven obrigados a asumir máis servizos para cubrir as necesidades que a súa veciñanza demanda. A fráxil situación financeira dos concellos acrecentouse exponencialmente desde que estoupou a crise económica e financeira, e consecuentemente a demanda de asistencia por parte destes á Deputación creceu espectacularmente. Neste sentido, basta con observar os datos do análise comparativo de actividade dos servizos tributarios e a tesourería: durante a década da crise (2006-2017) o volume recadatorio duplicouse (incremento do 98%), en canto a recadación executiva o incremento alcanza un espectacular 243%. Grazas a estes datos a Deputación puido inxectar liquidez nos concellos por preto de 155 millóns de euros. Tamén resulta espectacular o incremento en canto á atención aos contribuíntes, que son os veciños e veciñas dos concellos aos que a Deputación presta asistencia tributaria, chegando a realizar 156.259 asistencias no ano 2016, un 23% más que no ano 2010.

O dato que mostra máis fielmente o incremento da demanda de asistencia dos concellos á Deputación, amósao o rexistro de asistencias do Centro de Atención a Usuarios onde se pode observar como o número de asistencias técnicas aos concellos realizadas polo persoal da Deputación, pasando de 4.456 en 2012 (primeiro ano que hai rexistro fiable de asistencias) ás 14.823 rexistradas en 2016 e ás 18.089 rexistradas no ano 2017.

Tal é o recoñecemento que a Deputación provincial da Coruña está a obter e o prestixio que rodea ao seu persoal, que na actualidade son constantes as demandas por parte doutras entidades públicas de que o persoal da Deputación participe en tribunais de oposicións e concursos, mesas de contratación, comisións técnicas e incluso nomeamentos de instrutores para expedientes disciplinarios. Funcións, todas estas, que non están actualmente recoñecidas nin valoradas na Relación de Postos de Traballo (RPT).

Ata día de hoxe, grazas á enorme dedicación e responsabilidade do persoal e a súa loable profesionalidade, a Deputación puido dar soporte ao constante incremento de demanda de asistencia aos concellos, pero agora a situación volvese insostible. Neste sentido e para acreditar, máis se cabe, o formidable esforzo realizado polo cadro de persoal, cabe subliñar que debido ás restricións en canto á contratación de persoal impostas polo goberno central, o número de efectivos descendeu considerablemente durante os períodos avaliados.

Ante esta a situación descrita, corresponde urxentemente tomar medidas correctoras para que a Deputación poida seguir cubrindo as demandas de asistencia aos concellos. Desgrazadamente as restricións en canto á contratación de persoal impiden incrementar o cadro de persoal, xa que logo, cómpre cambiar o paradigma de funcionamento da Deputación reorganizando a administración provincial para gañar a eficacia necesaria que permita suplir a devandita carencia de persoal. Para poder acadar este ambicioso obxectivo, hai que reordenar os fluxos de traballo, promover a eficiencia do persoal, potenciar o traballo horizontal en rede, incrementar as funcións e responsabilidade do persoal e establecer un eficiente sistema de mobilidade que evite colapsos administrativos ao cubrir os picos de traballo dos distintos servizos e unidades con persoal cualificado doutras áreas que neses momentos non se atopen tan esixidas.

Como se pode observar, estas medidas redundan nun considerable incremento da carga de traballo, así como nun substancial cambio nas condicións de traballo do persoal que debe ser valorado e reflectido na RPT. Efectivamente, resulta primordial establecer un novo contrato para co persoal, con novas funcións e encomendas en cada posto de traballo que supoñan unha obriga de desenvolvemento en lugar de fiar a calidade dos servizos á cidadanía e aos concellos á produtividade e boa vontade do persoal.

Esta é a única alternativa viable para poder seguir desenvolvendo os servizos coa alta calidade que caracteriza á Deputación provincial da Coruña, ao tempo que posibilita seguir cubrindo o incremento da demanda de asistencia por parte dos concellos e seguir prestando unha adecuada atención a cidadanía, diante da imposibilidade de incrementar o cadro de persoal

A VPT é un proceso de análise e comparación do contido dos postos de traballo da organización co fin de situalos nunha orde de xerarquización que sirva de base para establecer un sistema remunerativo xusto. Trátase dun medio de determinación do valor obxectivo de cada posto de traballo dentro da estrutura corporativa, mediante o establecemento da posición relativa de cada posto fronte aos demais segundo as diferenzas significativas que existen entre os postos de traballo para permitir unha

distribución equitativa de salarios, reducindo, así, as posibilidades de arbitrariedade. Trátase, pois, de ponderar economicamente as distintas funcións, cometidos e condicións dos distintos postos de traballo para adecuar os salarios do persoal á demanda de traballo que a Corporación require para cada posto.

Non cabe dúbida que a VPT constitúe un compoñente fundamental para establecer un equilibrio básico entre os salarios do persoal, converténdose nunha ferramenta fundamental para a correcta xestión dos recursos humanos (RR.HH.), así como para a súa planificación en relación coas necesidades estratéxicas determinadas pola corporación. Ata día de hoxe a Deputación Provincial da Coruña non desenvolveu unha VPT global, conxunta, sistemática e obxectiva que se vise reflectida na RPT, tal e como a Intervención Xeral vén advertindo en numerosos informes e a pesar dos enormes cambios organizativos derivados dos distintos retos que a Deputación tivo que afrontar ao longo da súa historia e que supuxeron un constante incremento das encomendas laborais, así como modificacións substanciais das condicións de traballo do persoal da Deputación.

A VPT que se presenta a aprobación plenaria é o resultado de máis de dous anos de traballo, supón unha VPT global, conxunta, sistemática e obxectiva. Valórase o específico de todos os postos de traballo, a excepción do persoal eventual ao estar excluída a determinación das condicións de emprego deste persoal das materias obxecto de negociación colectiva, segundo o artigo 35.3 da Lei do emprego público de Galicia.

Tamén se valoran os postos reservados aos habilitados nacionais a pesar da dificultade técnica que isto supón debido a que a gran responsabilidade en labores de supervisión e control destes postos os sitúan noutra escala salarial, difícil de medir cun sistema adaptado a valorar o resto de postos da administración local.

Inclúese tamén o persoal docente, xa que tal e como informa a Intervención, a relación de postos de traballo é omnicomprensiva de todos os existentes na organización provincial, polo que a súa valoración ten que se facer dende unha perspectiva conxunta e global que asegure unha consistencia e coherencia nos resultados acadados e non pode excluír a ningún posto que figure na correspondente relación agás que haxa unha causa legal que haberá que motivar e fundamentar no ordenamento xurídico, para evitar resultados diferentes carentes de xustificación.

A VPT utilizou entre os distintos métodos o denominado "Puntos por factor". Cabe destacar que o método puntos por factor é o máis aplicado polas súas propiedades de obxectividade. De feito este sistema é avaliado como o máis adecuado pola Organización Internacional do Traballo (OIT) que, ademais, considera que a metodoloxía de puntos é a máis apropiada para a valoración de postos no ámbito da igualdade.

Trátase dun método comparativo que parte da obtención da información respecto dos postos de traballo mediante as súas descricións contidas na RPT, así como as contidas no catálogo de funcións determinadas para cada posto de traballo. Para completar a información e obter unha auténtica fotografía da realidade laboral da Deputación que facilitase unha mellor compresión e coñecemento das funcións desenvolvidas polo persoal nos distintos postos de traballo, a VPT tamén bebe dos

datos obtidos na enquisa realizada aos traballadores e traballadoras sobre as funcións e condicións de traballo do posto que desenvolven. A enquisa foi verificada polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos a través de informe solicitado aos xefes dos distintos servizos e unidades. Así pois, este necesario intercambio de información co persoal, permitiu determinar con maior exactitude as características de cada posto incorporando un gran número de funcións que se estaban a desenvolver pero no aparecían reflectidas na RPT, e así, xunto cos novos obxectivos estratéxicos definidos pola Corporación, definir un novo catálogo de funcións de posto de traballo que vén supoñer un substantivo cambio das condicións de traballo na maioría dos postos. O dito catálogo foi o utilizado para valorar cada posto, clasificándoo no grao correspondente a cada factor para construír a matriz de valoración, como posteriormente se explica.

Este método asume que existen unhas características comúns en cada grupo homoxéneo de traballo, e cada unha delas dáse con distinta intensidade en cada un dos postos. Ademais, para cada característica admítese unha importancia diferente. O sistema de puntuación define estas características, chamadas factores (usualmente divididos en subfactores), e as distintas intensidades, chamadas graos. Na valoración trátase de asignar a cada posto, en cada factor/subfactor, o grao en que se axusta aos requisitos daquel. Os graos son definidos de forma que cada un reflicta un maior nivel nese factor ou subfactor que o anterior e de tal xeito que a expresada polo primeiro coincida coa dos postos nos que ese factor ou subfactor se dá en menor medida, e a expresada polo último, coa dos postos nos que se dá en maior medida, abarcando así entre todos a gama completa do factor que se está estudando.

Non todos os factores e subfactores teñen a mesma importancia. O valor que representa a esta importancia chámase ponderación e exprésase en cifras, utilizando o peso porcentual con que cada factor será considerado na valoración de postos de traballo, a dita porcentaxe terá unha tradución a puntos. O conxunto de factores, subfactores, graos e ponderación constitúe o manual de valoración, que é o instrumento de medida que se ha empregar. Determinados en cada posto os graos correspondentes, dotados da súa puntuación, poderemos cunha simple suma ter o valor representativo do posto.

A guía da OIT establece catro factores que calquera organización debe ter en conta: cualificación, esforzo, responsabilidade e condicións de traballo. Na Administración local, atendendo ao contexto xurídico e a realidade práctica débese ter en conta o RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da administración local, no seu artigo 4 define o complemento específico como: *o complemento específico está destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade ou penosidade*. Pola súa banda, o art. 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público (EBEP) destinado ás retribucións complementarias, establece no apartado b): *a especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade exixible para o desempeño de determinados postos de traballo ou as condicións en que se desenvolve o traballo*.

A determinación e definición dos factores e subfactores que tivesen en conta o contexto xurídico, así como un perfecto encadre na actual realidade laboral da

Deputación e na capacidade necesaria para afrontar os retos establecidos pola Corporación, foron os criterios polos que se rexeu esta primeira e principal fase da VPT centrada na obtención do complemento específico, e polo tanto foron os criterios utilizados para definir tanto o manual de valoración como a matriz da valoración.

Os factores establecidos no manual de valoración son os seguintes:

Factor I **Dificultade técnica**
Subfactor I.A Nivel de dificultade
Subfactor I.B Transversalidade funcional

Factor II **Penosidade**

Factor III **Perigosidade**

Factor IV **Dedicación**
Subfactor IV.A Xornada
Subfactor IV.B Dispoñibilidade

Factor V **Incompatibilidade**

Factor VI **Responsabilidade**
Subfactor VI.A Responsabilidade xeral
Subfactor VI.B Responsabilidade sobre a asistencia a concellos

Cabe destacar a gran relevancia que teñen os subfactores Transversalidade Funcional, Responsabilidade Sobre a Asistencia a Concellos e Dedicación para lograr o cambio de paradigma de funcionamento da Deputación.

A **Transversalidade Funcional** constitúese como un novo elemento dinamizador da cohesión e coordinación das distintas seccións e servizos que compoñen a administración provincial, ao permitir e/ou promover que as persoas que ocupan un determinado posto de traballo desenvolvan, temporal e de xeito regulado, a súa actividade en distintos ámbitos da organización para poder cubrir os picos de traballo xerados polas demandas dos concellos e a cidadanía. Non cabe dúbida que a eficacia da Deputación verase incrementada de xeito exponencial, mais tamén é certo que este subfactor provoca un elevado incremento de funcións, ao incorporar cada posto tipo as funcións propias dos postos cara onde pode desenvolver a transversalidade, así como unha importante modificación das condicións do traballo.

Pola súa banda a **Responsabilidade Sobre a Asistencia a Municipios** semella a ferramenta definitiva para que a Deputación poida atender as crecentes demandas de asistencia por parte dos concellos, non só porque os servizos técnicos e económicos de asistencia a municipios incrementen o seu apoio aos concellos, senón porque a grande maioría de postos, en maior ou menor medida, terán unha responsabilidade directa na dita asistencia, multiplicando, así, o apoio provincial aos concellos. Este subfactor de novo afecta en maior ou menor grao as condicións de traballo de practicamente todo o persoal, incorporando en moitos casos incluso o compromiso de dar soporte in situ.

En canto ao subfactor **Dispoñibilidade**, modifícase a situación bipolar actual: pola asignación ao posto da especial dedicación para un reducidísimo grupo de postos ou non hai ningún tipo de dispoñibilidade adicional. A VPT establece diversos niveis de dispoñibilidade (dedicación ordinaria, plena dispoñibilidade, libre dispoñibilidade e dispoñibilidade total) que permiten converter a Deputación nunha administración moito máis flexible, mellorando enormemente a súa capacidade para atender as demandas de concellos e cidadanía. Como é obvio, este subfactor significa un gran cambio nas condicións de traballo do persoal.

Como resultado da aplicación da VPT, a meirande parte dos postos de traballo sofren un incremento no Complemento Específico debido, en parte, a que para poder atender ás crecentes demandas de concellos e cidadanía nos últimos años, tivéronse que asumir grande cantidade de funcións que non foron recollidas explicitamente na RPT. Esta situación supuxo un cambio nas condicións de traballo implícito non recoñecido a excepción dunha minoría de postos que, en anos anteriores, foron factorizados recoñecendo o seu labor explicitamente na RPT. Un claro expoñente desta situación pode observarse no caso do servizo de plans, que realiza unha das tarefas esenciais das deputacións provinciais recollina na Lei de bases de réxime local, a elaboración dos plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal o que require de moita dedicación e gran responsabilidade sobre a asistencia aos concellos, máis se cabe dende o ano 2016, que segundo o obxectivo estratéxico da Deputación de mellora da cooperación económica aos concellos, unificáronse os distintos plans provinciais e especiais, así como as liñas de subvencións nun só plan único que permite o reinvestimento dos remanentes que se poidan xerar nos distintos tipos de achegas. O Plan único significa unha grande mellora para os concellos pero a súa vez maior traballo e responsabilidade para o servizo de plans debido a complexa xestión que require maior control realizando moitas máis tarefas das previstas na lexislación e moi por riba das desenvolvidas polos mesmos servizos noutras deputacións. A pesar de que este incremento cuantitativo e cualitativo de tarefas e responsabilidades é asumido polo persoal existente no servizo sen incorporar máis persoal, ningún dos postos que competen este servizo teñen recoñecidas e valoradas na RPT as funcións de asesoramento e asistencia municipal, dedicación ou responsabilidade correspondentes. Outro exemplo constitúeo o caso dos servizos e unidades dependentes da Tesourería que están a experimentar un constante incremento das competencias delegadas polos concellos, así como a despregar unha enorme potencialidade nos servizos ofertados aos concellos, moi por riba dos establecidos na lexislación e os ofrecidos por outras deputacións, obtendo uns extraordinarios datos en canto a Recadación e Atención ao Contribuínte como anteriormente se indicou. Todo isto, sen incorporar a máis persoal, grazas á asunción por parte do persoal das funcións de asesoramento e asistencia municipal, dedicación ou responsabilidade que non están recoñecidas nin valoradas na RPT. Estes dous casos son exemplos dunha situación que se repite na meirande parte dos servizos da Deputación. Xa que logo, a VPT vén recoñecer, de xeito global e sistemático, o desenvolvemento de funcións realizadas e non cuantificadas na RPT que ata o de agora tan só podía gozar unha parte minoritaria do cadro de persoal que, polo menos, tiñan algunhas destas funcións recoñecidas por sentencia xudicial.

Pero o factor máis determinante en canto ao devandito incremento vén representado polo considerable cambio nas condicións de traballo que supón o novo sistema de funcionamento e reorganización dos recursos humanos que a Deputación Provincial

da Coruña está a despregar para poder asumir os retos de futuro que hai que afrontar inmediatamente para poder cubrir as demandas de concellos e cidadanía durante a próxima década.

Con esta valoración cúmprese o establecido no punto III do Plan de ordenación de recursos humanos 2017-2019, que marca como obxectivos:

"Potenciar a asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos, principalmente aos de menor capacidade económica, mediante a definición de novas funcións nos postos de traballo. O que se pretende é que aínda que o maior peso recaia no persoal dos servizos específicos de asistencia técnica, xurídica e económica, todo o persoal da Deputación colabore, en maior ou menor medida, na asistencia aos concellos. Por iso realizarase unha nova definición de funcións de todos os postos de traballo cos representantes sindicais, que suporá unha maior implicación do persoal para mellorar o servizo aos municipios e garantir a transversalidade funcional necesaria para permitir unha utilización máis eficiente dos recursos humanos entre servizos e unidades que permita reforzar os servizos que en momentos puntuais o requiran.
-Acometer a corrección dos desequilibrios observados nas retribucións dos postos de traballo ao terse valorado coa Corporación anterior unicamente unha parte dos mesmos. Para iso realizarase unha valoración global, conxunta e sistemática de todos os postos de traballo da Deputación para corrixir os ditos desequilibrios e incorporar as funcións comentadas no parágrafo anterior, utilizando métodos obxectivos que se negociarán cos representantes sindicais".

- MANUAL DE VALORACIÓN PARA DETERMINAR O COMPLEMENTO ESPECÍFICO.
Factor I.- DIFICULTADE TÉCNICA: Mide o nivel de coñecementos e habilidades técnicas profesionais, autonomía, experiencia, esforzo intelectual, iniciativa, complexidade, flexibilidade e transversalidade funcional, así como o grao de supervisión e control sobre execución do seu traballo.
PONDERACIÓN DO FACTOR: 30%.

Subfactor I.A.- NIVEL DE DIFICULTADE: Mide o nivel de coñecementos e habilidades técnicas profesionais, autonomía, experiencia, esforzo intelectual, iniciativa, complexidade funcional e grao de supervisión e control sobre execución do seu traballo.
PONDERACIÓN DO SUBFACTOR: 27%.

Grao 1.- Postos con procedementos normalizados e actividades xeralmente repetitivas, con traballos de pouca complexidade e cun escaso nivel de aprendizaxe. A supervisión, verificación e control polo superior xerárquico efectúase de forma periódica.
COEFICIENTE: 10.

Grao 2.- Postos cuxas funcións seguen unha normativa específica con procedementos de actuación normalizados, con tarefas de certa complexidade, que esixen unha cualificación profesional media-baixa e nivel de aprendizaxe moderada. A supervisión e control efectúase periodicamente por superior xerárquico e/ou por sistemas periódicos de verificación de cumprimento de obxectivos e prazos previstos.
COEFICIENTE: 15.

Grao 3.- Postos de traballo con labores de carácter máis complexo, que requiren a realización propostas de resolución de problemas de certa complexidade e cun nivel medio de aprendizaxe. O control efectúase periodicamente por superior xerárquico e avaliación do desempeño.
COEFICIENTE: 20.

Grao 4.- Postos de traballo con labores de carácter máis complexo, que requiren a realización propostas de resolución de problemas de moderada complexidade e cun nivel medio alto de aprendizaxe, e unha certa especialización. O control efectúase periodicamente por superior xerárquico e avaliación do desempeño.
COEFICIENTE: 25.

Grao 5.- Postos cuxas tarefas ou actividades profesionais se fundamentan na emisión de informes ou propostas de resolución, en procedementos e/ou actuacións complexas.
Os problemas ou incidencias que se presentan no desempeño dos seus labores precisan de estudo e/ou valoración específica para efectuar unha proposta de actuación e/ou resolución, no marco da normativa ou protocolos de actuación existentes.
Tamén se inclúen, aqueles postos que requiren a adopción de decisións de carácter operativo, e iniciativa para efectuar propostas de resolución dos devanditos problemas ou o impulso de accións concretas e aqueles que teñen encomendadas funcións de coordinación de equipos pequenos de traballo, con habilidades de organización e control, cuxo control se fai a través de resultados e avaliación do desempeño. Tamén xefaturas base.
COEFICIENTE: 30.

Grao 6.- Postos cuxas tarefas ou actividades profesionais se fundamentan no estudo, interpretación e proposta de resolución técnica, en procedementos e/ou actuacións moi complexas e que requiren alto grao de concentración.
Inclúense os postos con contido técnico de nivel superior e aqueles que requiren uns coñecementos e destrezas propios do persoal con estudos universitarios superiores.
Os problemas ou incidencias que se presentan son complexos e vinculados a un determinado ámbito de xestión sectorial que require a ponderación das alternativas máis adecuadas.
Tamén se inclúen, os postos que requiren a adopción de decisións de carácter especializado e a iniciativa para o cumprimento dos obxectivos operativos vinculados ao seu concreto ámbito de xestión, e aqueles con labores de organización técnica ou administrativa.
COEFICIENTE: 35.

Grao 7.- Postos con labores profesionais para a organización e dirección técnica ou administrativa de nivel medio, que esixen habilidades técnicas de carácter esencialmente intelectual.
Os problemas e incidencias que se presentan son moderadamente complexos, nun ámbito de coordinación e supervisión de carácter medio.
COEFICIENTE: 50.

Grao 8.- Postos con labores profesionais para a organización e dirección técnica ou administrativa de alto nivel, a adopción de decisións ou o impulso de actuacións, de

moi elevada complexidade e/ou heteroxeneidade que esixen grandes habilidades técnicas de carácter esencialmente intelectual.
Os problemas e incidencias que se presentan son moi complexos e indefinidos, nun ámbito de coordinación e supervisión de carácter superior, polo que se debe actuar de maneira anticipada para a súa prevención e impulsado, así mesmo, os procesos de planificación, organización e control da xestión.
COEFICIENTE: 65.

Grao 9.- Postos que, pola súa función directiva, deben actuar de maneira planificada, participando na identificación de problemas e oportunidades, e por tanto na realización de forma sistemática dunha análise interna e externo sobre a organización e a prestación dos seus servizos e actividades.
COEFICIENTE: 80.

Grao 10.- Postos que, pola súa función directiva, deben actuar de maneira planificada, identificando problemas e oportunidades, o que require realizar de forma sistemática unha análise interna e externa sobre a organización e a prestación dos seus servizos e actividades e propoñer diferentes alternativas de actuación, coa esixencia de iniciativa e de indubidable complexidade que as súas propostas e/ou adopción de decisións, no seu caso, levan.
COEFICIENTE: 100.

Subfactor I.B.- TRANSVERSALIDADE FUNCIONAL: Mide o nivel de transversalidade das funcións dun determinado posto en canto que permiten que se desenvolva a súa actividade en distintos ámbitos da organización, permitindo desprazamentos ocasionais da unidade onde se realizan para resolver picos de traballo puntuais noutras, ou permiten realizar funcións transversais de supervisión, dirección, coordinación e/ou asesoramento.
PONDERACIÓN DO SUBFACTOR: 3%.

Grao 1.- Postos con nivel mínimo de transversalidade funcional.
COEFICIENTE: 33,33.

Grao 2.- Postos cun nivel de transversalidade medio nas súas funcións que permite desenvolver a súa actividade noutros departamentos do seu mesmo servizo, ou en servizos afíns, ou que requiren o coñecemento das funcións de diversos postos, para funcións de dirección, coordinación e/ou asesoramento.
COEFICIENTE: 66,67.

Grao 3.- Postos cun nivel de transversalidade alto nas súas funcións que permite desenvolver a súa actividade en distintos departamentos de servizos de ámbitos diversos, ou que requiren o coñecemento das funcións de departamentos para funcións de supervisión, dirección, coordinación, asesoramento e/ou apoio.
COEFICIENTE: 100.

Factor II.- PENOSIDADE: Mide o nivel de incomodidade física e/ou psíquica, así como as condicións ambientais no desenvolvemento do traballo.
PONDERACIÓN DO FACTOR: 5%.

Grao 1.- Ambiente de oficina co cumprimento normal dos parámetros de ventilación, luz, temperatura... Posturas mantidas, traballo ocasional de pé e carga ocasional de obxectos de peso medio. Nivel normal de fatiga psíquica.
COEFICIENTE: 33,33.

Grao 2.- Traballo habitual de pé, actividade normal con posturas ocasionalmente incómodas; carga frecuente de obxectos de peso medio; traballo ocasional á intemperie. Atención continua ao público. Nivel alto de fatiga psíquica.
COEFICIENTE: 66,67.

Grao 3.- Traballo habitual en posicións forzadas ou incómodas; traballo habitual á intemperie; traballo en situacións molestas ocasionalmente (ruído, sucidade, cheiros...); actividades habituais que esixen esforzo físico considerable ou realizadas en condicións meteorolóxicas adversas. Nivel moi alto de fatiga psíquica.
COEFICIENTE: 100.

Factor III.- PERIGOSIDADE: Mide o nivel de risco físico que asume o titular do posto ao desempeñar as funcións obrigatorias deste. Aplicarase exclusivamente a aqueles postos singulares que polas súas características especiais é imposible evitar o risco da actividade, e ningún caso se pode utilizar para compensar riscos tecnicamente evitables.
PONDERACIÓN DO FACTOR: 5%.

Grao 1.- Postos sen perigo especial. Risco pouco frecuente e intensidade baixa inherente á actividade de oficina, incluído o risco nos desprazamentos ao lugar de traballo e a condución ou desprazamentos en vehículo que ocasionalmente poidan ser necesarias por razóns do servizo.
COEFICIENTE: 33,33.

Grao 2.- Postos con risco frecuente e intensidade moderada ou pouco frecuente con intensidade alta, derivados da utilización habitual de pequena maquinaria; condución habitual de vehículos; traballo ocasional con risco eléctrico, químico e/ou biolóxico; traballo ocasional en altura; traballo ocasional en zona de obras. Atención continua ao público con situacións conflitivas habituais que poden supoñer risco.
COEFICIENTE: 66,67.

Grao 3.- Utilización habitual de pequena maquinaria; traballo con risco frecuente eléctrico, químico, biolóxico ou en zona de obras e postos nos que a condución forma parte do traballo diario.
COEFICIENTE: 100.

Factor IV.- DEDICACION: Mide o grao de molestia ou dificultade relativa que o traballador terá no posto de traballo por razón do sistema de presenza no traballo e o nivel de dispoñibilidade.
PONDERACIÓN DO FACTOR: 20%.
Subfactor IV.A.- XORNADA: Mide o grao de dedicación, molestia ou dificultade relativa que o traballador terá no posto de traballo por razón do sistema de presenza no mesmo.
PONDERACIÓN DO SUBFACTOR: 13%.

Grao 1.- Xornada ordinaria con posibilidade de flexibilidade horaria e conciliación, así como os horarios de docentes con limitacións de flexibilidade e/ou conciliación na parte presencial da xornada, pero con flexibilidade total na parte non presencial.
COEFICIENTE: 10.

Grao 2.- Xornada de mañá con traballo sábados alternados e con posibilidade de flexibilidade horaria e conciliación.
COEFICIENTE: 15.

Grao 3.- Xornada de mañá con traballo sábados alternados con limitacións de flexibilidade e/ou conciliación, etc.
COEFICIENTE: 20.

Grao 4.- Horarios especiais como: xornada permanente de tarde en centros de atención directa á cidadanía con apertura ao público en xornada de mañá e tarde; quendas de 24 horas; nocturnidade parcial, xornada a quendas sen sábados nin festivos ou outras xornadas especiais para postos con necesidades de xornada específicas, que se determinarán pola correspondente resolución.
COEFICIENTE: 30.

Grao 5.- Xornada correspondente ao réxime de especial dedicación con limitacións de flexibilidade e conciliación incluíndo as horas nocturnas que con carácter excepcional poidan realizarse en postos por baixo do nivel 24.
COEFICIENTE: 35.

Grao 6.- Turnicidade con alternancia de mañás e tardes, incluíndo sábados que correspondan. Tamén con xornada correspondente ao réxime de especial dedicación con limitacións de flexibilidade e conciliación en postos de nivel entre 24 e 29, ambos incluídos.
COEFICIENTE: 50.

Grao 7.- Turnicidade con alternancia de mañás e tardes, incluíndo sábados e festivos que correspondan.
COEFICIENTE: 75.

Grao 8.- Nocturnidade, con inclusión sábados e festivos que correspondan por quenda. Considérase traballo nocturno o realizado entre as dez da noite e as seis da mañá. Tamén con xornada correspondente ao réxime de especial dedicación con limitacións de flexibilidade e conciliación en postos de nivel 30.
COEFICIENTE: 100.

Factor IV.B.- DISPOÑIBILIDADE: Mide o grao de dispoñibilidade que require o posto máis aló da xornada que ten asignada.
PONDERACIÓN DO SUBFACTOR: 7%.

Grao 1.- Dedicación ordinaria.
COEFICIENTE: 25.

Grao 2.- Plena dispoñibilidade. Pode tratarse dunha dispoñibilidade flexible con localización, é dicir, coa posibilidade de estar localizable para levar a cabo actuacións

que precisen unha intervención de necesidade ou urxencia, ou unha dispoñibilidade programada fóra da xornada, que se produza de maneira prevista para determinadas actuacións.
COEFICIENTE: 50.

Grao 3.- Libre dispoñibilidade. Aqueles postos de traballo que despois de cumprir a xornada ordinaria están suxeitos a dispoñibilidade en horario fóra da súa xornada e non teñan especial dedicación.
COEFICIENTE: 75.

Grao 4.- Dispoñibilidade total. Correspondente aos postos co réxime de especial dedicación.
COEFICIENTE: 100.

Factor V.- INCOMPATIBILIDADE: Mide o nivel de exclusividade laboral que se adquire coa administración.
PONDERACIÓN DO FACTOR: 5%.

Grao 1.- Incompatibilidade inherente á condición de empregado público.
COEFICIENTE: 0.

Grao 2.- Incompatibilidade determinada pola lexislación ao superar o Complemento Especifico o 30% ou incluír o devandito complemento un factor de incompatibilidade.
COEFICIENTE: 50.

Grao 3.- Incompatibilidade total.
COEFICIENTE: 100.

Factor VI.- RESPONSABILIDADE: Mide o nivel de responsabilidade do posto en distintos aspectos.
PONDERACIÓN DO FACTOR: 35%.

Subfactor VI.A.- RESPONSABILIDADE XERAL: Mide o grao de repercusión interna global -resultados- que teñen as actividades e funcións do posto respecto dos obxectivos da Administración provincial, incluíndo, nalgún deles, o esforzo, dificultade e inconvenientes de ter que obter eses resultados a través de terceiros, e outros tipos de responsabilidade(1) como responsabilidade por informes, por relacións con outras entidades, patrimonial, sobre a seguridade das persoas, ou penal.
PONDERACIÓN DO SUBFACTOR: 25%.

Grao 1.- Practicamente sen repercusión en resultados ao ser postos altamente normalizados e con nivel de control alto.
COEFICIENTE: 10.

Grao 2.- Con moi pouca repercusión en resultados, postos bastante normalizados e con control medio.
COEFICIENTE: 15.

Grao 3.- Postos con certa ou moderada repercusión en resultados, con normas e/ou nivel de control medio/baixo. Inclúense postos de apoio en coordinación básica. Tamén postos con responsabilidade sobre menores de primeiro nivel.
COEFICIENTE: 20.

Grao 4.- Postos con repercusión media en resultados incluíndo aqueles postos con especialización técnica superior sen responsabilidade de dirección e supervisión. Tamén con responsabilidade por coordinación básica. Tamén postos con responsabilidade sobre menores de segundo nivel.
COEFICIENTE: 25.

Grao 5.- Postos con responsabilidade de dirección e supervisión de nivel baixo, responsabilidade de coordinación técnica, ou secretarias de altos cargos. Tamén postos con responsabilidade sobre menores de terceiro nivel.
COEFICIENTE: 30.

Grao 6.- Postos con responsabilidade de dirección e supervisión de nivel medio e repercusión media en resultados. Tamén postos con responsabilidade na imaxe da Corporación.
COEFICIENTE: 35.

Grao 7.- Postos con responsabilidade de dirección e supervisión de nivel medio-alto e similar repercusión en resultados no seu ámbito, aínda que tamén poden afectar a outras unidades.
COEFICIENTE: 50.

Grao 8.- Postos con alta responsabilidade de dirección e supervisión e alta repercusión en resultados, no seu ámbito, aínda que poden afectar a outras unidades e á calidade do servizo prestado, que, en caso de ser negativos, poidan causar perdas económicas ou prexuízos importantes.
COEFICIENTE: 65.

Grao 9.- Con alta repercusión en resultados xerais, que, en caso de ser negativos, poidan causar perdas económicas ou prexuízos importantes. Con responsabilidade de supervisión de carácter superior.
COEFICIENTE: 80

Grao 10.- Con moi alta repercusión de supervisión de tipo legal, económico, funcionamento e organización da Administración provincial, imaxe corporativa e cuxos resultados, en caso de ser negativos, poidan causar perdas económicas ou prexuízos moi importantes. Con responsabilidade de dirección e supervisión de carácter superior.
COEFICIENTE: 100

(1) Notas para a valoración doutro tipo de responsabilidades distintas da responsabilidade sobre resultados:

1) Postos con responsabilidade patrimonial de nivel alto, e/ou sobre a seguridade das persoas (física ou psíquica) de nivel medio-baixo e/ou con responsabilidade de nivel medio-alto por emisión de informes, e/ou con responsabilidade de nivel alto na

relación con outras entidades, soben un grao sobre o que lles correspondese por responsabilidade sobre procesos e resultados.
2) Postos con responsabilidades de carácter facultativo, de nivel moi alto sobre informes, e de nivel alto sobre a seguridade das persoas, que puidesen levar responsabilidade penal soben dous graos sobre o que lles correspondese por responsabilidade sobre procesos e resultados.

Subfactor VI.B.- RESPONSABILIDADE SOBRE A ASISTENCIA A MUNICIPIOS: Mide o grao de responsabilidade do posto en relación co cumprimento de obxectivos no que se refire á asistencia e/ou cooperación a/con municipios e outras entidades locais da provincia, o que representa na actualidade a máis importante función das Deputacións. Esta responsabilidade mídese en función da intensidade e a frecuencia da participación que se require do posto nos procesos de asistencia e/ou cooperación a/coas entidades locais.
PONDERACIÓN DO SUBFACTOR: 10%.

Grao 1.- Postos que participan moi ocasionalmente nos procesos de asistencia e/ou cooperación a/con outras entidades locais da provincia; e/ou postos que, sen participar directamente, ven aumentada a súa carga de traballo en tarefas de apoio a outros postos na súa participación neses procesos.
COEFICIENTE: 10.

Grao 2.- Postos cun nivel básico en relación cos procesos de asistencia e/ou cooperación a/con outras entidades locais da provincia, ou postos que participan ocasionalmente nos mencionados procesos con certo nivel de especialización.
COEFICIENTE: 20.

Grao 3.- Postos con certo nivel de especialización en relación cos procesos de asistencia e/ou cooperación a/con outras entidades locais da provincia, ou postos que participan ocasionalmente nos mencionados procesos cunha especialización técnica de nivel básico ou medio.
COEFICIENTE: 30.

Grao 4.- Postos cunha especialización técnica de nivel baixo ou medio en relación cos procesos de asistencia e/ou cooperación a/con outras entidades locais da provincia, ou postos que participan ocasionalmente nos mencionados procesos cunha especialización técnica de nivel alto. Tamén postos que realicen asistencia/cooperación *in situ*.
COEFICIENTE: 40.

Grao 5.- Postos cun nivel de especialización técnica alta e postos cunha especialización técnica de nivel medio e alta intensidade en relación cos procesos de asistencia e/ou cooperación a/con outras entidades locais da provincia, podendo incluír ocasionalmente asistencia/cooperación *in situ*.
COEFICIENTE: 50.

Grao 6.- Postos cun nivel de especialización técnica alta e elevada intensidade en relación cos procesos de asistencia e/ou cooperación a/con outras entidades locais da provincia, podendo incluír ocasionalmente asistencia/cooperación *in situ*.
COEFICIENTE: 60.

Grao 7.- Postos cun nivel de especialización técnica moi alta en relación cos procesos de asistencia e/ou cooperación a/con outras entidades locais da provincia, podendo incluír asistencia/cooperación *in situ*.
COEFICIENTE: 70.

Grao 8.- Postos cun nivel de especialización técnica moi alta e responsabilidade de supervisión en relación cos procesos de asistencia e/ou cooperación a/con outras entidades locais da provincia, podendo incluír asistencia/cooperación *in situ*.
COEFICIENTE: 80.

Grao 9.- Máximo nivel de especialización nas funcións de asistencia e/ou cooperación a/con outras entidades locais da provincia e máxima responsabilidade de supervisión nese ámbito, podendo incluír asistencia/cooperación *in situ*.
COEFICIENTE: 100

Aprobar a matriz de valoración de postos de traballo que figura no anexo I.

Aprobar o catálogo de funcións dos postos de traballo que figura no anexo II.

Aprobar a relación de postos de traballo 2018 que figura no anexo III.

Como consecuencia o Pleno acorda:

1. Aprobar a valoración de todos os postos de traballo de persoal incluídos na Relación de postos de traballo vixente, segundo detalle que consta na documentación anexa.

2. Aprobar inicialmente a Relación de postos de traballo 2018 co complemento específico que resulta da valoración efectuada segundo detalle que consta en documentación anexa.

3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia.

4. A valoración efectuada supón un incremento no cómputo anual do complemento específico de todos os postos de traballo de 4.366.948,56 euros.

   A estimación dese importe para o exercicio 2018 (4 meses e medio) ascende a 1.390.511,49 euros. Este importe financiarase orzamentariamente con 104.162,79 euros actualmente consignados na partida 0710/929/120.09, 1.250.000 euros da partida 0710/929/121.03, e se fose necesario, 36.348,71 euros da partida 0710/929/150.00. Todo isto segundo o detalle contido na folla de cálculo que se inclúe como anexo.

5. Autorizar ao presidente para levar a cabo as modificacións orzamentarias necesarias, segundo o previsto nas Bases de execución do presuposto do exercicio 2018."

Deputación DA CORUÑA

ANEXO I

Matriz valoración de postos:

CÓD. POSTO	POSTO	OBSERVACIÓNS	FACTORES																		TOTAL
			FI.A	27%	FI.B	3%	FII	6%	FIII	6%	FIV.A	13%	FIV.B	7%	FV	5%	FVI.A	25%	FVI.B	10%	
			G		G		G		G		G		G		G		G		G		
	GABINETE DE PRESIDENCIA																				
1.1.213.1	Secretario/a Gabinete de Presidencia	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	6	35,00	2	66,67	1	33,33	1	33,33	5	35,00	4	100,00	3	100,00	6	35,00	5	50,00	45,08
1.1.211.1	Secretario/a Gabinete	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	6	35,00	2	66,67	1	33,33	1	33,33	5	35,00	4	100,00	3	100,00	6	35,00	5	50,00	45,08
1.1.205.1	Secretario/a de Presidencia	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	6	35,00	2	66,67	1	33,33	1	33,33	5	35,00	4	100,00	3	100,00	6	35,00	5	50,00	45,08
1.1.414.1	Secretario/a Gabinete de Presidencia	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	6	35,00	2	66,67	1	33,33	1	33,33	5	35,00	4	100,00	3	100,00	6	35,00	5	50,00	45,08
1.1.213.4	Secretario/a Gabinete de Presidencia	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	6	35,00	2	66,67	1	33,33	1	33,33	5	35,00	4	100,00	3	100,00	6	35,00	5	50,00	45,08
1.1.8.1	Secretario/a de Vicepresidencia	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	6	35,00	2	66,67	1	33,33	1	33,33	5	35,00	4	100,00	3	100,00	6	35,00	5	50,00	45,08
1.1.8.2	Secretario/a de Vicepresidencia	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	6	35,00	2	66,67	1	33,33	1	33,33	5	35,00	4	100,00	3	100,00	6	35,00	5	50,00	45,08
1.1.374.1	Xefatura de negociado de prensa	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	6	35,00	2	66,67	1	33,33	1	33,33	5	35,00	4	100,00	3	100,00	6	35,00	5	50,00	45,08
1.1.375.1	Xefatura de sección de protocolo	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	7	50,00	2	66,67	2	66,67	1	33,33	6	50,00	4	100,00	3	100,00	7	50,00	7	70,00	58,50

Deputación DA CORUÑA

CÓD. POSTO	POSTO	OBSERVACIÓNS	FACTORES																		TOTAL
			FI.A	27%	FI.B	3%	FII	6%	FIII	6%	FIV.A	13%	FIV.B	7%	FV	6%	FVI.A	26%	FVI.B	10%	
			G		G		G		G		G		G		G		G		G		
1.1.221.1	Xefatura de Negociado	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	6	35,00	2	66,67	1	33,33	1	33,33	5	35,00	4	100,00	3	100,00	6	35,00	5	50,00	45,08
1.1.15.75	Administrativo admón. xrl.	Plena dispoñibilidade	3	20,00	3	100,00	1	33,33	1	33,33	1	10,00	2	50,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	27,03
1.1.15.94	Administrativo admón. xrl.	Plena dispoñibilidade	3	20,00	3	100,00	1	33,33	1	33,33	1	10,00	2	50,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	27,03
	ASESORÍA XURÍDICA			#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A	2	50,00		#N/A		#N/A	
1.1.36.1	Asesor xurídico	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	9	80,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	6	50,00	4	100,00	3	100,00	8	65,00	8	80,00	74,02
1.1.60.1	Letrado asesor adxunto	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	8	65,00	2	66,67	3	100,00	1	33,33	6	50,00	4	100,00	3	100,00	8	65,00	7	70,00	67,97
1.1.60.3	Letrado asesor adxunto	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	8	65,00	2	66,67	3	100,00	1	33,33	6	50,00	4	100,00	3	100,00	8	65,00	7	70,00	67,97
1.1.15.166	Administrativo admón. xrl.	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	3	20,00	3	100,00	1	33,33	1	33,33	5	35,00	4	100,00	3	100,00	3	20,00	3	30,00	36,28
1.1.15.38	Administrativo admón. xrl.		3	20,00	3	100,00	1	33,33	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	25,28
1.1.3.68	Auxiliar admón. xrl.		2	15,00	3	100,00	1	33,33	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	2	15,00	3	30,00	22,68
	SECRETARÍA XERAL			#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A	
1.1.136.1	Secretario Xeral	Hab. Nacional Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	10	100,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	8	100,00	4	100,00	3	100,00	10	100,00	9	100,00	96,67
1.1.22.1	Secretario/a de Secretaría Xeral	Libre dispoñibilidade	5	30,00	1	33,33	1	33,33	1	33,33	1	10,00	3	75,00	2	50,00	5	30,00	5	50,00	33,98
	OFICIALÍA MAIOR			#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A	
1.1.137.	Oficial Maior	Hab. Nacional Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	10	100,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	8	100,00	4	100,00	3	100,00	9	80,00	9	100,00	91,67
1.1.181.1	Secretario/a de Oficialía Maior	Libre dispoñibilidade	5	30,00	1	33,33	1	33,33	1	33,33	1	10,00	3	75,00	2	50,00	5	30,00	5	50,00	33,98
1.1.15.199	Administrativo admón. xrl.		3	20,00	3	100,00	1	33,33	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	25,28
	INFORMACIÓN E			#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A	2	50,00		#N/A		#N/A	

Deputación DA CORUÑA

CÓD. POSTO	POSTO	OBSERVACIÓNS	FACTORES																		TOTAL
			FI.A	27%	FI.B	3%	FII	6%	FIII	6%	FIV.A	13%	FIV.B	7%	FV	6%	FVI.A	26%	FVI.B	10%	
			G		G		G		G		G		G		G		G		G		
	ACTAS																				
1.1.305.1	Xefatura de sección de información e actas	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación Libre dispoñibilidade	7	50,00	2	66,67	2	66,67	1	33,33	3	20,00	3	75,00	2	50,00	7	50,00	7	70,00	50,35
1.1.46.1	Técnico superior Unión Europea		6	35,00	2	66,67	1	33,33	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	4	25,00	5	50,00	31,58
1.1.306.1	Xefatura de negociado I	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación At. Continua ao público Libre dispoñibilidade	6	35,00	2	66,67	2	66,67	1	33,33	3	20,00	3	75,00	2	50,00	5	30,00	5	50,00	39,30
1.1.354.1	Xefatura de negociado II	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación At. Continua ao público Libre dispoñibilidade	6	35,00	2	66,67	2	66,67	1	33,33	3	20,00	3	75,00	2	50,00	5	30,00	5	50,00	39,30
1.1.204.1	Técnico coordinador normalización lingüística	Plena dispoñibilidade Coordinación	6	35,00	1	33,33	1	33,33	1	33,33	1	10,00	2	50,00	2	50,00	5	30,00	6	60,00	34,58
1.1.52.2	Técnico de normalización lingüística		6	35,00	2	66,67	1	33,33	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	4	25,00	5	50,00	31,58
1.1.15.65	Administrativo (información e actas)	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	3	20,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	3	20,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	28,25
1.1.15.172	Administrativo (información e actas)	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	3	20,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	3	20,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	28,25
1.1.15.173	Administrativo (información e actas)	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	3	20,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	3	20,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	28,25

Deputación DA CORUÑA

CÓD. POSTO	POSTO	OBSERVACIÓNS	FACTORES																		TOTAL
			FI.A	27%	FI.B	3%	FII	6%	FIII	6%	FIV.A	13%	FIV.B	7%	FV	6%	FVI.A	26%	FVI.B	10%	
			G		G		G		G		G		G		G		G		G		
1.1.15.174	Administrativo (información e actas)	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	3	20,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	3	20,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	28,25
1.1.15.175	Administrativo (información e actas)	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	3	20,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	3	20,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	28,25
1.1.15.176	Administrativo (información e actas)	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	3	20,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	3	20,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	28,25
1.1.15.196	Administrativo admón. xrl.	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	3	20,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	3	20,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	28,25
1.1.15.212	Administrativo admón. xrl.	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	3	20,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	3	20,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	28,25
1.1.3.157	Auxiliar administrativo (inform. e actas)	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	2	15,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	3	20,00	1	25,00	2	50,00	2	15,00	3	30,00	25,65
1.1.3.158	Auxiliar administrativo (inform. e actas)	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	2	15,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	3	20,00	1	25,00	2	50,00	2	15,00	3	30,00	25,65
	SERVIZOS			#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A	2	50,00		#N/A		#N/A	

Deputación DA CORUÑA

CÓD. POSTO	POSTO	OBSERVACIÓNS	FACTORES																		TOTAL
			FI.A	27%	FI.B	3%	FII	6%	FIII	6%	FIV.A	13%	FIV.B	7%	FV	6%	FVI.A	26%	FVI.B	10%	
			G		G		G		G		G		G		G		G		G		
	INTERNOS																				
1.1.3.145	Xefatura de servizos Internos	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total Coordinación	5	30,00	2	66,67	2	66,67	1	33,33	5	35,00	4	100,00	3	100,00	4	25,00	3	30,00	40,90
1.1.3.146	Subxefatura de servizos Internos	Libre disponibilidade	4	25,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	1	10,00	3	75,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	29,80
1.1.11.2	Subalterno		1	10,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	1	10,00	1	10,00	21,42
1.1.11.3	Subalterno		1	10,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	1	10,00	1	10,00	21,42
1.1.11.6	Subalterno		1	10,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	1	10,00	1	10,00	21,42
1.1.11.7	Subalterno		1	10,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	1	10,00	1	10,00	21,42
1.1.11.8	Subalterno		1	10,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	1	10,00	1	10,00	21,42
1.1.11.9	Subalterno		1	10,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	1	10,00	1	10,00	21,42
1.1.11.21	Subalterno		1	10,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	1	10,00	1	10,00	21,42
1.1.11.22	Subalterno		1	10,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	1	10,00	1	10,00	21,42
1.1.11.23	Subalterno		1	10,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	1	10,00	1	10,00	21,42
1.1.11.24	Subalterno		1	10,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	1	10,00	1	10,00	21,42
1.1.11.26	Subalterno		1	10,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	1	10,00	1	10,00	21,42
1.1.11.28	Subalterno		1	10,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	1	10,00	1	10,00	21,42
	ARQUIVO			#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A	2	50,00		#N/A		#N/A	
1.1.355.1	Xefatura de sección de arquivo	Libre disponibilidade	7	50,00	2	66,67	2	66,67	1	33,33	1	10,00	3	75,00	2	50,00	7	50,00	7	70,00	49,05
1.1.307.1	Xefatura de negociado de arquivo	Libre disponibilidade	6	35,00	2	66,67	1	33,33	1	33,33	1	10,00	3	75,00	2	50,00	5	30,00	5	50,00	36,33
1.1.69.1	Técnico de arquivo-biblioteca		6	35,00	2	66,67	1	33,33	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	4	25,00	5	50,00	31,58
1.1.15.45	Administrativo admón. xrl.		3	20,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	26,95
1.1.15.200	Administrativo admón. xrl.		3	20,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	26,95
1.1.11.25	Subalterno		1	10,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	1	10,00	1	10,00	21,42
	IMPRENTA			#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A	2	50,00		#N/A		#N/A	
1.1.81.1	Encargado de imprenta	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	7	50,00	2	66,67	2	66,67	1	33,33	5	35,00	4	100,00	3	100,00	6	35,00	6	60,00	51,80
1.1.379.1	Oficial responsable de impresión e		6	35,00	1	33,33	2	66,67	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	5	30,00	4	40,00	32,50

Deputación DA CORUÑA

CÓD. POSTO	POSTO	OBSERVACIÓNS	FACTORES																		TOTAL
			FI.A	27%	FI.B	3%	FII	6%	FIII	6%	FIV.A	13%	FIV.B	7%	FV	6%	FVI.A	26%	FVI.B	10%	
			G		G		G		G		G		G		G		G		G		
	postimpresión																				
1.1.380.1	Oficial responsable Fotocomposición		6	35,00	1	33,33	2	66,67	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	5	30,00	4	40,00	32,50
1.1.381.1	Oficial responsable edición e deseño gráfico		6	35,00	1	33,33	2	66,67	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	5	30,00	4	40,00	32,50
1.1.377.1	Oficial de imprenta		4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	29,30
1.1.377.2	Oficial de imprenta	Ocupado por oficial industrial	4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	29,30
1.1.377.5	Oficial de imprenta	Ocupado por oficial industrial	4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	29,30
1.1.377.8	Oficial de imprenta	Ocupado por oficial industrial	4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	29,30
1.1.377.3	Oficial de imprenta		4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	29,30
1.1.377.4	Oficial de imprenta		4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	29,30
1.1.377.6	Oficial de imprenta		4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	29,30
1.1.377.7	Oficial de imprenta		4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	29,30
1.1.377.9	Oficial de imprenta		4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	29,30
1.1.377.10	Oficial de imprenta		4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	29,30
1.1.377.11	Oficial de imprenta		4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	29,30
1.1.377.12	Oficial de imprenta		4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	29,30
1.1.377.13	Oficial de imprenta		4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	1	10,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	29,30
1.1.15.24	Administrativo admón. xrl.	Plena dispoñibilidade	3	20,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	1	10,00	2	50,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	28,70
1.1.410.1	Operario de imprenta		2	15,00	1	33,33	3	100,00	2	66,67	1	10,00	1	25,00	2	50,00	2	15,00	1	10,00	23,68
	PARQUE MÓBIL			#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A	2	50,00		#N/A		#N/A	
1.1.295.1	Xefatura de negociado parque móbil	Libre dispoñibilidade	6	35,00	2	66,67	1	33,33	1	33,33	1	10,00	3	75,00	2	50,00	5	30,00	5	50,00	36,33
1.1.411.1	Condutor coordinador	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria Coordinación	4	25,00	1	33,33	2	66,67	3	100,00	5	35,00	4	100,00	3	100,00	4	25,00	1	10,00	39,88

Deputación DA CORUÑA

CÓD. POSTO	POSTO	OBSERVACIÓNS	FACTORES																		TOTAL
			FI.A	27%	FI.B	3%	FII	6%	FIII	6%	FIV.A	13%	FIV.B	7%	FV	6%	FVI.A	26%	FVI.B	10%	
			G		G		G		G		G		G		G		G		G		
1.1.112.1	Condutor de presidencia	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	5	35,00	4	100,00	3	100,00	6	35,00	1	10,00	44,05
1.1.112.2	Condutor de presidencia	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	4	25,00	1	33,33	3	100,00	3	100,00	5	35,00	4	100,00	3	100,00	6	35,00	1	10,00	44,05
1.1.117.6	Condutor	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	3	20,00	1	33,33	2	66,67	3	100,00	5	35,00	4	100,00	3	100,00	3	20,00	1	10,00	37,28
1.1.109.1	Condutor	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	3	20,00	1	33,33	2	66,67	3	100,00	5	35,00	4	100,00	3	100,00	3	20,00	1	10,00	37,28
1.1.109.2	Condutor	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	3	20,00	1	33,33	2	66,67	3	100,00	5	35,00	4	100,00	3	100,00	3	20,00	1	10,00	37,28
1.1.109.4	Condutor	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	3	20,00	1	33,33	2	66,67	3	100,00	5	35,00	4	100,00	3	100,00	3	20,00	1	10,00	37,28
1.1.109.5	Condutor	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	3	20,00	1	33,33	2	66,67	3	100,00	5	35,00	4	100,00	3	100,00	3	20,00	1	10,00	37,28
1.1.109.6	Condutor	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	3	20,00	1	33,33	2	66,67	3	100,00	5	35,00	4	100,00	3	100,00	3	20,00	1	10,00	37,28

Deputación DA CORUÑA

CÓD. POSTO	POSTO	OBSERVACIÓNS	FACTORES																		TOTAL
			FI.A	27%	FI.B	3%	FII	6%	FIII	6%	FIV.A	13%	FIV.B	7%	FV	6%	FVI.A	26%	FVI.B	10%	
			G		G		G		G		G		G		G		G		G		
1.1.109.7	Condutor	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	3	20,00	1	33,33	2	66,67	3	100,00	5	35,00	4	100,00	3	100,00	3	20,00	1	10,00	37,28
	SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN			#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A		#N/A	2	50,00		#N/A		#N/A	
1.1.356.1	Xefatura de servizo de patrimonio e contratación	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	9	80,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	6	50,00	4	100,00	3	100,00	8	65,00	8	80,00	74,02
Bo día. Eu tratarei de non repetir argumentos que acaba de verbalizar a deputada, pero si é certo que no compromiso das deputacións a min gustaríame dicir que as deputacións galegas funcionan de diferente maneira, teñen diferentes maneiras tamén de colaborar cos concellos. Esta Deputación, para nós, e así o consideramos desde o primeiro momento, temos un mecanismo exemplar que incluso consideramos que se debían de formular outras deputacións, a Deputación de Pontevedra, por exemplo, ten un plan de cooperación cos concellos que pon condicións. A Deputación da Coruña, coa achega que se fai hoxe a través dun dos puntos que acabamos de aprobar por unanimidade neste Pleno, estalle transferindo aos concellos para obras e servizos de competencia municipal nada máis e nada menos que 92 millóns de euros. Cando falamos de obras e servizos de competencia municipal, tamén falamos da competencia municipal que marca a Lei de benestar animal. Si é certo que se vemos a xustificación dos plans, evidentemente a preocupación polo cumprimento desta lei non se reflicte no que despois xustifican os concellos, pero o máis curioso é que, como ben dicía a deputada, a Xunta de Galicia lexisla pero non consigna créditos para axudar logo a que esa lei se cumpra. Nestes momentos hai unha Orde da Xunta que prevé a aplicación de ao redor de 300.000 euros para o conxunto de Galicia, para cuestións moi concretas, que é unha cifra realmente pobre para desenvolver unha lei tan complexa como a Lei de benestar animal.

En todo caso, a Deputación a pesar de que xa achega dentro deses 92 millóns de euros a capacidade aos concellos de que poidan con esa achega facerlle fronte ao que marca a lei, está disposta a avaliar a complexidade que temos no territorio da provincia cos concellos e coa propia Xunta e a seguir tamén incrementando esa aposta económica para os problemas se minimicen no posible.

Eu simplemente para rematar cun conto, se o Partido Popular e as confluencias hoxe no Congreso dos deputados deran luz verde á ampliación do teito de gasto e ao obxectivo de déficit, a Galicia tocaríanlle 250 millóns de euros, e a Xunta ben podería consignar as partidas necesarias para que o desenvolvemento

desta lei fora moito máis fácil e non tivera que facer achegas a Deputación da Coruña, pero creo que nin unha parte nin a outra vai estar disposta a iso.

Sr. Calvelo Martínez

Eu quixera empezar a miña intervención dicindo se todos os grupos que están representados aquí na Deputación están de acordo co sacrificio cero do que hai neste caso, sobre todo o que tratamos e principalmente o que é o tema dos cans, estamos todos de acordo co sacrificio cero?, pois se estamos todos de acordo co sacrificio cero e sendo unha competencia municipal, efectivamente, temos unha responsabilidade. Nosoutros e o Grupo Popular neste caso da Deputación, por suposto estamos de acordo en instar á Xunta de Galicia nese caso a que tamén achegue recursos para un problema, que eu quéroo advertir aquí, un problema crítico para todos os concellos, crítico. O que obvie a situación actual na que está a recollida neste caso de cans abandonados, como están as canceiras na provincia, é que neste caso está cego dunha situación que se vai producir gravisimamente nos vindeiros meses.

A lei, a lei foi aprobada sen ningún voto en contra e co consenso maioritario de todo o mundo. Seguramente Marea no que é a Xunta non votou a favor da lei por dúas cuestións, o tiro ao pombiño e as touradas, porque no sacrificio cero estaba completamente de acordo, e eu creo que iso é un punto de partida que nese sentido é moi importante.

As axudas, efectivamente a Xunta pode ter aproximadamente uns catrocentos mil euros de axudas para un pouco nesta situación a implantación da lei, insuficientes, totalmente insuficientes.

A lei non cambia as competencias, e é unha lei neste caso que a aprobou a Xunta de Galicia, se aprobara o Estado diriamos o mesmo, ou non diriamos o mesmo, o que temos que facer todos é, efectivamente, apostar polo sacrificio cero. Se hai unha cuestión que une os 93 concellos desta Deputación é a situación e a implantación desta lei, cando dicimos, e o deputado do Bloque, Regueira, di que está orgulloso de que a Deputación poña 92 millóns de euros a disposición dos concellos no Plan único para obras e servizos, eu dígolle, eu prefería que reduciran esa partida e que a Deputación colaborara cos concellos, con distintas entidades para organizar unha rede de canceiras a nivel provincial, porque é o problema máis evidente e máis claro que imos ter todos. A Xunta tamén ten un fondo de cooperación local onde poden tamén destinar os recursos para distintas actuacións, que pretendemos un pouco coa resposta de Regueira, que haxa 93 canceiras municipais?, ese é o obxectivo?, ou que sexa a Deputación, que ademais é neste caso a administración máis próxima que une a todos os concellos, a administración que debe principalmente velar e axudar aos concellos máis pequenos, que son os que menos recursos teñen, non debe de ser a Deputación neste caso a que actúe?

Describo un pouco a situación que está a nivel provincial, a canceira da Coruña saturada, nos vindeiros días, nos vindeiros meses, imposible acoller a ninguén. Na zona das Pontes practicamente nunha situación similar, Ferrol cunha empresa que vai abandonar o servizo e a canceira de Ferrol sen ningún tipo de posibilidade de ampliar, Carballo tamén cunha canceira completamente saturada,

Ordes tamén na mesma situación, quizais o único concello que está avanzando, ou a única, neste caso comarca, que está avanzando é o Concello de Ribeira. O Concello de Ribeira probablemente xa está iniciando a posibilidade de ampliar o que é a actual canceira para de maneira consorciada, ou de maneira agrupada, darlle servizo a todos os concellos do Barbanza, eu creo que ese ten que ser o camiño un pouco que ten que optar a Deputación.

Volvo a dicilo, sería un erro facer 93 canceiras municipais, e ten que ser unha institución como a Deputación neste caso, quen formule, planifique, con colaboración por suposto da Xunta de Galicia, e con colaboración dos concellos, a posibilidade de facer cinco ou seis canceiras. Que pasa, a modo de exemplo, noutras deputacións? Eu escoitei aquí moitas veces que din, na Deputación de Lugo, sabedes canto é o POS da Deputación de Lugo?, catro millóns de euros, aquí son noventa, pero a Deputación da Lugo ten unha rede de canceiras, a Deputación de Lugo vai agora licitar a construción da canceira da Ribeira Sacra, e probablemente nos vindeiros meses tamén saque o que é a construción da canceira da zona centro de Lugo. Que pasa tamén en Ourense?, Ourense é totalmente un servizo que leva a cabo a Deputación de Ourense, ten seis canceiras municipais, seis, non terá tanto POS, non terá tanto DTC, pero si un problema importantísimo, porque actualmente como non fagamos algo, a maioría dos concellos van incumprir a lei. Pontevedra, un caso similar, teñen unha concentración dunha canceira en Meis, que efectivamente agora está nunha situación tamén de saturación, pero tamén está colaborando a Deputación. A única Deputación que non colabora, neste caso, é a Deputación da Coruña, creo que unha Deputación que ten 150 millóns de presuposto, que ten débeda cero, que ten os recursos saneados, neste caso ten que implicarse e facer unha achega económica para construír, deseñar e potenciar esta rede, e non só consiste, que iso tamén é importante, en construír unha canceira, senón tamén no mantemento, e no mantemento, probablemente tamén teñan que colaborar durante moitos anos os concellos, porque que implica esta lei con sacrificio cero?, que actualmente, algúns concellos seguiran facéndoo, se se recolle un can abandonado, pasa un prazo que non é adoptado, mátase, pero iso agora coa nova lei non vai pasar, ese can senón se adopta, a non ser que teña unhas condicións ou unha enfermidade, ou estea certificado que non pode seguir vivindo, ten que continuar a súa vida, é dicir, que o custo vai ser moi elevado, o custo das instalacións e as posibles ampliacións das instalacións é importante, e o custo de mantemento é importante.

Aquí podemos falar que a construción de seis centros nesta provincia pode andar trescentos e pico mil euros por centro, que estamos falando de 1.800.000 euros que, coa situación económica da Deputación, coa situación económica e pedíndolle a colaboración á Xunta de Galicia e coa situación tamén e a achega dos concellos, poderiamos resolver un problema que, vólvoo a dicir, que actualmente en Galicia hai 131 concellos que non cumpren a lei, e un día que un can que estea abandonado e que ninguén lle faga caso e ataque a unha persoa e poida provocarlle un dano grave, entón si que estaremos incorrendo nunha falta, e eu creo que si que se debe de planificar, por iso aceptamos a emenda, e entendemos nese sentido que é importante, pero que esta emenda debe de verse reflectida xa nos orzamentos do ano 19. Hai unha moratoria de lei que é xuño do 2019, pero temos que xa preparar para iniciar o proceso de construír estas instalacións e iniciar tamén os modelos de xestión.

Sr. García Seoane

O tema dos cans, non se lle escapa a ninguén que é un tema de actualidade, é un tema político, vaise utilizar moito nas campañas electorais, o problema é que é un problema moi grave, porque cando se fala de ter sitios para recoller os cans, é que algún que quería tanto ao can, cando xa non o quere tanto o abandonou na rúa e o tira no monte, por iso habería moito que falar do cariño aos cans, e do que é un can en consecuencia para unha persoa, e o que supón para a Administración pública. Esa lei é tremenda porque claro, aquí estase dicindo 300.000 euros, eu creo que Calvelo debe de sabelo, o Consorcio das Mariñas ten unha canceira que custa máis de 300.000 euros, o servizo, si, si, está aí, subiu ao dobre, cando veu esta lei, subiu ao dobre. Montar unha instalación deste tipo non se monta por 300.000 euros, porque agora hai que facer hoteis, hai que facer sala de masaxes, hai que facer como se fóra todo isto.... en cambio a sociedade está esquecendo outros temas de moita máis importancia, o tema do que imos falar nun anaquiño, da xente que morre afogada no mar e que non hai cartos para ela, nin hai atención, nin nada de nada, o tema da sanidade neste país para os romaneses, e moitas outras cousas, pero ben, o tema, e remato, neste caso todos os políticos están ladrando ao unísono, por se o can os morde, esa é a desgraza do tema da política, dinse cousas que realmente non pensamos, ou non queremos dicir, polo que poida pasar, a ver se nos van restar votos.

Sra. Delso Carreira

Moi breve, tamén. Aceptan a emenda porque se lles sacaron as cores de como xestionaron o trámite desta lei e sobre todo o feito de non consignar os medios necesarios, se queren falamos de demagoxia, se queren falamos dese pacto de Estado contra as violencias machistas. Cando vostedes gobernan sempre sacan estas medidas rimbombantes, pero nunca dotan de recursos, deixen por favor de enganar á xente. Lémbrolle que dentro do pacto do Estado contra a violencia de xénero, unha das medidas precisamente era a de devolverlles aos concellos a competencia en materia de violencia de xénero, entón os concellos queremos, as administracións locais queremos exercer as competencias incluso máis alá das competencias que actualmente temos, pero para iso precísanse recursos humanos e recursos económicos.

Sr. Regueira Varela

Si é certo que facer memoria está ben e, efectivamente, nesta sala escoitouse en moitas ocasións facer referencias a cal era a consignación do POS da Deputación de Lugo, era algo que sempre facía o presidente da anterior Corporación, Diego Calvo, cando quería poñer en valor o seu POS dicía, vostedes en Lugo teñen catro millóns e nós aquí temos vinte e catro millóns e medio, agora temos 92 e parece que non son suficientes. A min gustaríame saber o que opinarían os alcaldes da provincia da Coruña se agora lle dicimos que imos detraer fondos do POS, a poñer condicións en canto ao cumprimento da Lei de benestar animal, non quero adiantar acontecementos porque ao mellor equivócome e dan a razón ao Sr. Calvelo, pero ben, en todo caso, si o habería que contrastar con eles.

Nós aquí estamos xa avanzando que imos facer un esforzo nesta materia, pero gustaríame facer unhas precisións. Se collemos a parte expositiva do texto da moción do Partido Popular e fala de que só as tres cidades, o Consorcio das Mariñas e o Concello de Ribeira teñen servizos para dar cobertura á Lei de benestar animal, hai máis concellos, non só Ribeira do Partido Popular, o Concello de Carballo e o Concello de Rianxo, do BNG, tamén contan con eses servizos, e págano, costéano con orzamentos municipais. Pero en todo caso o problema segue aí e, efectivamente, hai moitos concellos que non dispoñen do servizo e hai que axudar, pero a primeira administración que ten que axudar é a administración que desenvolve unha lei e ten que consignar os fondos para axudar a que se cumpra esta lei, e esa administración é a Xunta de Galicia, sen dúbida.

E a min gustaríame facer unha segunda precisión a maiores, a Lei de benestar animal de Galicia non a aprobamos os grupos políticos todos, aprobouna unicamente o voto do Partido Popular, o resto de grupos non apoiamos esa lei, non votamos a favor desa lei, hai que ter memoria cando se expoñen as cousas, aquí a Deputación está disposta a axudar, pero tamén hai que ser precisos, nestes momentos, con eses 92 millóns de euros que lles estamos transferindo aos concellos e que a Deputación de Ourense non transfire, podiamos estar detraendo ese diñeiro para ter xa solucionado o problema, e se temos que facer unha consignación igual ca a que fai a Xunta de Galicia, eu trasladáballe na Xunta de portavoces ao portavoz do Partido Popular, poñemos 300.000 e lavamos a conciencia como a lava a Xunta de Galicia, pero o problema ía seguir estando aí, porque non abondan 300.000 euros, fan falta moitos máis euros. Polo tanto, este é un tema complexo onde quen primeiro ten que apostar é a Administración que desenvolve unha lei, e non é a Deputación quen a desenvolve e a fai cumprir, pero podemos axudar, non comandar ou encabezar o que ten que ser o desenvolvemento desa lei a nivel orzamentario, iso ten que ser a administración da Xunta de Galicia.

E para rematar, este tema vai saír por unanimidade, creo que estamos todos de acordo en que unha cousa si a temos que facer, que é cumprir a lei, e aí imos encontrarnos todos e a boa disposición desta Administración está en axudar aos concellos en cumprir esa lei, pero nós consideramos, efectivamente, que xa a estamos cumprindo, e remato coa idea inicial, senón poñemos obxeccións a aumentar o teito de gasto e o límite de endebedamento, Galicia terá 250 millóns máis e terá unha partida, que aínda que sexa curta, de 25 millóns, e solucionamos este tema nun volado.

Sr. Fernández Piñeiro

Menos mal que estamos todos de acordo. Desde o noso grupo saudamos, é unha boa nova que todos estes grupos con representación neste plenario, independentemente daquelas matizacións que poidamos facer a todo o proceso da aprobación da lei, ou sobre calquera outra cuestión, compartamos a necesidade de que todas as administracións que interveñen neste proceso, desde aquela que lexisla ata aqueles que teñen as competencias, que son os concellos, pasando pola Deputación como institución de apoio aos concellos, compartamos a necesidade de atopar unha solución aos aspectos negativos, que tamén os ten esta lei, aínda que ten outros de carácter positivo, como o que falaba anteriormente o voceiro do Partido Popular. Si que hai que deixar esa constancia de que por parte desta Deputación, á

marxe deste acordo que hoxe compartimos todos os grupos, si que é certo que levamos realizando un traballo neste senso xa hai bastantes meses, con negociacións e con reunións coas distintas deputacións de Galicia, para coñecer cal é a súa situación e cal foi a forma na que abordaron esta problemática, tamén coa FEGAMP, e con distintos concellos. Si que é certo que en canto á solución temos que buscar un modelo propio porque a Deputación, ou neste caso a provincia da Coruña ten unhas características propias, é a máis urbana de todas as galegas e polo tanto iso tamén inflúe á hora de abordar esta problemática.

Pero en todo caso saúdamos, como digo, moi positivamente que poidamos estar todos de acordo, e que entre todos instemos a aquela administración que lexisla, que é a Xunta de Galicia, aos concellos e a esta propia Administración, a colaborar conxuntamente de forma económica tamén para poder dar solución a este problema, e se ben é certo que os concellos temos competencias nesta materia, tamén é certo que non temos a capacidade de lexislar sobre ela, que nos vén imposta, e polo tanto iso tamén ás veces inflúe en que á hora de plasmar ou de executar estas cuestións que se lexislan, haxa certos problemas. É moi bo que se lexisle a materia, e sería moitísimo mellor se ademais a lexislación se acompañara de fondos económicos, para que ao final non pase o que pasa sempre, e que os concellos teñamos que acabar asumindo os custos de todo aquilo que se lexisla, pero dito isto, congratulámonos de que poidamos chegar a un acordo nun tema tan importante para todos os concellos desta provincia, moitas grazas.

Sr. Calvelo Martínez

Vou reiterar a intervención como empecei. Todo os grupos que están aquí presentes con representación na Deputación están de acordo no sacrificio cero, pois se estamos todos de acordo teremos que responsabilizarnos. O que dicía na intervención Gelo, polo menos é a miña opinión, eu estou cansado, isto non é un tema político, este é un tema de xestión, de xestión dos propios concellos, aquí, e probablemente despois veñan mocións que son interesantísimas, a moción para as armas nucleares para os noventa e tres concellos da provincia debe de ser o máis interesante, seguro que lle debe sacar as cores aos alcaldes, aos 93 alcaldes o das armas nucleares débenlle sacar as cores, efectivamente, ten razón, sacamos as cores, volvo a dicir. E, efectivamente, lexislan Xunta, o Estado, e efectivamente, o problema é que moitas veces non nos dotan de recursos económicos, e nós niso estamos de acordo, por suposto que a Xunta tense que implicar, por suposto, pero aceptando que imos todos a estar de acordo no sacrificio cero, agora haberá que buscar unha solución. E esa solución, aquí o que se pide, sendo unha institución coma a Deputación, unha institución que nos une a todos os concellos, o que pedimos é participar, que teña que participar, e non se pode obviar a súa participación cando o está facendo a Deputación de Lugo, a Deputación de Ourense e a Deputación de Pontevedra, non é un tema político, hai que resolver. Vostede di, cantos alcaldes se lles saca as cores da vergoña cando están suplicando que alguén lles faga o servizo?, non hai xente que lles faga o servizo, hai moitísimos concellos que non teñen a ninguén, que vai pasar cando se produza un ataque dun can abandonado, que haxa alguén avisado e que non poidan ir a recollelo? a min non me importa o das armas nucleares, impórtame resolver este tema, que isto nos afecta a todos. A min non se me cae a cara de vergoña con isto.

O que dicía Regueira, Regueira, eu estou seguro que se fas unha enquisa ou unha valoración coa maior parte dos alcaldes da provincia e lles dis, detraemos fondos do DTC, do POS, para intentar resolver o tema da lei e o sacrificio cero, a maior parte vaiche dicir que si, Regueira. Vós tedes unha instalación con oito canceiras, cantos cans recolledes?, que recolledes ao mellor cerca de corenta, cincuenta ao ano, que vai pasar con eses? Nós hoxe en día, que cumprimos a lei, que hai sacrificio cero, recollemos cerca de vinte e seis cans que teñen que seguir coidándose e manténdose.

Eu volvo a dicilo, efectivamente, haberá cuestións, pero esta é unha cuestión clave e estratéxica para todos os concellos da provincia, para todos os concellos, non hai ningunha instalación actual que cumpra uns mínimos requisitos. Se se fai realmente unha valoración de instalación por instalación, botámonos todos as mans á cabeza, o que dicía a portavoz de Marea, botámonos as cores, meu Deus como está Coruña, como está a instalación de Coruña, é que non collen e van seguir recolléndose.

Queremos que isto vaia a unha política, que tamén está pasando, que ao final os concellos cando recollen un can no seu concello, que casualidade que alguén do concello colle ese can e o leva a outro concello, e está pasando, e sabedes que está pasando, en Carballo está pasando, que cans doutros concellos acaban en Carballo, e seguramente nas Pontes, ou noutros sitios. Volvo a dicilo, se hai unha cuestión que nos une aos 93 concellos, é isto, e non obviamos a responsabilidade nin a achega económica da Xunta, nin os propios concellos, teñen que achegar, pero por favor, resolvamos un problema, un problema que é importante e é importante para todos os concellos, e seguramente dentro duns meses ao mellor haberá aquí outra intervención, outra moción, e vanme dar a razón do que vai pasar, porque hoxe en día é imposible xestionar este servizo, non hai quen o xestione, non hai instalacións, non hai recursos, poñámonos todos a traballar, e sobre todo nun tema que estamos de acordo, non fagamos política, fagamos xestión, é tan sinxelo, os cidadáns demandan xestión.

Fálase de demagoxia, non demagoxia, eu quero resolver un problema no meu concello como outros moitos concellos ante unha situación dos cans abandonados e o sacrificio cero, simple, ao mellor son eu simple, ao mellor eu non enredo, ao mellor eu non me preocupo de políticas en Madrid, pero preocúpome do que lle pasa aos cidadáns en Arteixo, esa si que é a nosa preocupación, e non se me cae nunca a cara de vergoña.

Sr. presidente

Queda claro que é un tema que preocupa, porque aínda estando de acordo, efectivamente había debate, era necesario, pero simplemente Carlos, o que si hai un clamor, empezando por ti e acabando por min, hai un clamor para que calquera ente que lexisla, sexa o Estado, o Parlamento do Estado, ou o Parlamento Galego, cando lexisla, vense as consecuencias, é dicir a esencia da lei e loxicamente é compartida por todas, pero as consecuencias son as que son e os prazos de cumprimento son os que son. Estamos coa administración electrónica cun prazo irrefutable, cun prazo inabordable, que está provocando francamente dificultades, aprobouse unha normativa autonómica hai dous anos, que obrigaba a ter unha titulación aos

socorristas que fixo que aínda hoxe hai moitas praias que teñen os servizos de socorrismo sen cubrir, por non dicir as rozaduras nas franxas ao redor dos núcleos e ao final todo cae, non é un tema político, é decisión política, está claro, pero que ao final aféctanos a todos, a todas as cores, e ao final aos cidadáns e cidadás, que son os que sofren as consecuencias do incumprimento das normativas.

A min presentábame o outro día un alcalde desesperado, chegaba cunha factura de 5.000 euros dunha canceira, onde un dos conceptos era unha operación dunha cadela que eran 900 euros, que non o decide o alcalde, non era unha esterilización, que iso eran 200, paréceme, ou algo así, pero era unha operación que a cadela necesita e que son 900 euros, e polo tanto, iso é unha realidade que se impón e que temos que coñecer. Hai que afrontar iso? si, hai que afrontalo, pero ten un custo, ten un custo.

Polo tanto, estou de acordo practicamente con todo o que dis, para min faltaba esta reflexión coa que estás totalmente de acordo, xa nin che pregunto, e cunha frase clara pola túa parte, non pode haber 93 canceiras na provincia, iso está claro. Por iso que a Bernardo esquecéuselle unha das reunións que mantivemos, que o deputado da Área de Promoción Económica, José Luis, coa Xunta leva dúas ou tres reunións onde están de acordo en eles afrontar economicamente polo menos, senón a totalidade, unha boa parte da construción dos centros. A min non me preocupa tanto iso, senón o que dicías ti despois, o mantemento. Eu vin esa factura dun concello da provincia da Coruña, onde había unha operación desa cadela, necesaria para a cadela, 900 euros, iso é o comezo de todo isto, que ao mellor hai que afrontalo, seguro, e a lei así o estipula, pero creo que, sen socorrista nas praias por unha normativa autonómica, digamos que asumindo competencias na limpeza das franxas nos núcleos rurais, por normativas do parlamento autonómico e outras do parlamento estatal, sexa quen sexa quen goberne e quen as propón e quen as aproba, pero ao final os concellos, e ti o sabes, igual ca min, temos que afrontar unhas competencias nuns prazos estipulados, que ocasionan ademais uns custos que agora mesmo sobre este tema son incertos porque non é o mesmo o custo que dicía Gelo da canceira do Consorcio ata o de agora, que o que vén, porque estas facturas van ir a moito máis, e polo tanto daquela igual estamos falando doutra cousa. Eu creo que o único que se reclama é iso, non é que non esteamos de acordo coa lei, estamos de acordo completamente, pero si que se saiban as consecuencias e que ao final quen a ten que aplicar, porque ao final son os concellos que non teñen labor inspectora das instalacións, por enriba hai unha labor inspectora, un servizo de inspección e autonómico, que son os que ao final van poñer se vale ou non vale, se cumpres ou non cumpres, e ao final é o alcalde ou a alcaldesa os que teñen que afrontar esas consecuencias.

Polo tanto, eu creo que ao final o acordo é totalmente razoable, imos poñernos de acordo coa Xunta de Galicia e cos concellos, e como ti empezaches a túa intervención, é competencia municipal e todos imos ter que afrontar parte destes custos, que eu creo que van ser exponenciais, van ser elevadísimos, moito máis do que esperamos e moito máis do que calculamos ata o de agora, pero en calquera caso é unha realidade que, como ben dicía Gelo, a todos nos preocupa, está claro, pero temos que ser realistas e en calquera caso creo que este acordo é fundamental para o ano 2019.

É verdade, recordábame agora o interventor, "acórdate da regra de gasto", é dicir que novos compromisos suporá, como ti ben dis moi valentemente, eu creo que estou de acordo contigo ademais niso, a diferenza do que di o meu compañeiro Regueira, creo que eu como alcalde estou disposto a que se me detraia un pouquiño do que sexa, do concepto que sexa e que se me resolva o problema, A cuestión é que non vai ser tan fácil de que se me resolva o problema, porque eu creo que os custos van ser moito maiores do que esperamos.

En calquera caso, imos empezar por dar solución para o ano que vén co acordo coa Xunta de Galicia e coa FEGAMP e iremos vendo como se afronta iso.

Sr. Calvelo Martínez

O custo, dígocho eu, é dez veces máis do que se está pagando agora.

Sr. presidente

Ou trinta, é que non o sabes, eu non me atrevo a dicir iso. Esa factura, con reparo de Intervención por certo nese concello, eran cinco mil e pico euros.

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica para o cumprimento da Lei de benestar animal de Galicia.

Apróbase por unanimidade a emenda presentada por D. José Manuel Pequeño Castro, en consecuencia decae a moción.

Moción do Grupo Provincial Popular en relación coa protección e benestar dos animais de compañía nos concellos da provincia.

Apróbase por unanimidade a emenda presentada por D. José Manuel Pequeño Castro, en consecuencia decae a moción.

Apróbase por unanimidade a seguinte moción:

"MOCIÓN RELATIVA A LEI DE BENESTAR ANIMAL DE GALICIA

A Deputación da Coruña, en colaboración e coordinadamente coa Xunta de Galicia e cos concellos da provincia, planificará e desenvolverá un servizo de acollida de animais por toda a provincia, co fin de acadar unha implicación eficaz e eficiente da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia."

(Abandona o salón o Sr. Penabad Muras)

III.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS PARA A CREACIÓN DE LUGARES DE ACOLLIDA A PERSOAS REFUXIADAS NOS NÚCLEOS RURAIS DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As guerras orixinadas polos Gobernos de Occidente en países como Iraq, Siria, Afganistán, Libia ou Iemen teñen provocado a maior crise de refuxiados desde a Segunda Guerra Mundial. Hai máis de dous anos, este Grupo provincial achegou unha proposta real para dar unha saída, na medida das posibilidades desta Institución, ao drama de moitas familias que foxen desas guerras, percorrendo milleiros de quilómetros sen rumbo fixo coa fin de conseguir algo de paz lonxe das bombas. Ante a abstención anunciada entón polos grupos PP, PSOE, BNG e Compostela Aberta, se instou a deixar o asunto sobre a mesa **co compromiso de abrir os foros de debate necesarios para abordar esta problemática.**

Dous anos despois seguimos coa mesma problemática e con poucas solucións. Segundo datos do informe para 2018 da Comisión Española de Axuda ao Refuxio, só en 2017, 31.120 persoas solicitaron protección internacional en España , aproximadamente a poboación total do Concello de Culleredo. **Desde que a Unión Europea lle asignara a España unha cuota de 19.449 persoas, só se lle concedeu o estatuto de refuxiadas ao 12,85 %.** Neste sentido o Tribunal Supremo acaba de condenar ao Estado español polo incumprimento desa cuota a instancias dun contencioso-administrativo interposto pola asociación *Stop Mare Mortum.* Este fallo xudicial demostra o fracaso dos Gobernos coas políticas de acollida e refuxio e obriga a España a continuar coa tramitación do 87,15 % das solicitudes de asilo restantes por ser **o acordo coa Unión Europea en 2015 *"vinculante e obrigatorio".*** E o primeiro tribunal nacional en condenar ao seu país por incumprir os compromisos de reubicación dos asilados acordados pola UE en 2015. Estamos, pois, nun momento que require tomar medidas efectivas desde xa.

Os políticos realmente comprometidos estamos de acordo en que a solución principal está en facilitar que os pobos non teñan que saír dos seus países. En que se poidan sentir seguros nos seus fogares e, en caso de ter que fuxir, poidan retornar a eles máis adiante. Pero a realidade indícanos que estes centos de milleiros de persoas seguen escapando dunha guerra infinita que lles deixa sen casas, sen familia, sen terra e sen traballo. Que os anula como seres humanos e lles quita o fogar ao que quererían volver.

Os países que provocamos esas guerras temos a obriga de, ademais de deixar de bombardear, dar refuxio e acollida aos que foxen do terror e da metralla. Con política, non con xestos cara a galería e demagoxia. Porque a chegada do barco *Aquarius* ao porto de Valencia foi un movemento admirable e hai que recoñecelo, así como hai que condenar que Italia lle negase porto seguro. Pero tamén hai que sinalar que non podemos seguir armando a países como Arabia Saudita. Na política sobra hipocrisía e faltan actos e solucións reais.

No ano 2017, segundo datos da Organización Internacional para as Migracións (OIM), 3.116 persoas perderon a vida mentres trataban de chegar a Europa a través do mar, entre eles 170 nenos. Pero quen de nós coñece algunha desas 3.000

historias? Ninguén. Non obstante, temos cada día un novo perfil monográfico de cada un dos 12 nenos que, por sorte, foron rescatados na cova de Tailandia. Abrindo todos os diarios e telexornais. Creando unha axenda que desvía a atención sobre unha realidade tamén terrible e máis próxima do que semella: **o Mediterráneo é a nosa gran cova, onde a maior parte dos nenos non son rescatados**. Onde milleiros afogan coas súa historias.

En definitiva, temos un problema coas políticas de asilo ao cal non se lle están poñendo solucións. En Galicia contamos con outro terrible problema relacionado co despoboamento e cunha crise demográfica insostible que tamén precisa de solucións. Esta circunstancia ten que ser un toque de atención para Institucións como esta, que brinda apoio a 93 concellos.

Por todo o exposto , e co ánimo de buscar unha solución real para tanta s familias en desgraza a través de políticas de asilo dentro das fronteiras da Unión Europea e tendo en conta a necesidade imperiosa de aplicar medidas contra o despoboamento do rural galego , solicítase ao Pleno provincial a aprobación dos seguintes

ACORDOS

1. Que a Deputación promova xunto coa Xunta de Galicia e os concellos a elaboración dun Plan integral de inclusión para as persoas refuxiadas que ademais da cuestión habitacional , ofreza solucións a través do acceso a servizos básicos; da adquisición de terreos e vivendas abandonadas no rural polas numerosas renuncias a herdar dos lexitimarios; e da integración laboral, sociocultural e formativa no ámbito en que se desenvolvan.

2. Requirir da FEGAMP a colaboración necesaria para a creación dunha l istaxe de vilas e aldeas con problemas de despoboamento e abandono de propiedades para elaborar un mapa que comprenda todas estas zonas tanto na provincia da Coruña como , por extensión, no resto de Galicia, onde se poida aplicar o Plan de inclusión para as persoas refuxiadas.

3. Incluír este asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria da Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero.

4. Poñer en coñecemento do resto das Administracións públicas (estatal, autonómica e locais) e do Fondo Galego de Cooperación como axencia municipal de cooperación galega os acordos adoptados polo Pleno a este respecto para engadir as aportacións que estimen oportunas

Sr. García Seoane

(Procede á lectura da exposición de motivos da Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para a creación de lugares de acollida a persoas refuxiadas nos núcleos rurais de Galicia)

Por todo o exposto , e co ánimo de buscar unha solución real para tantas familias en desgraza a través de p olíticas de asilo dentro das fronteiras da Unión

Europea e tendo en conta a necesidade imperiosa de aplicar medidas contra o despoboamento do rural galego , solicítase ao Pleno provincial a aprobación dos seguintes acordos:

1.Que a Deputación promova xunto coa Xunta de Galicia e os concellos a elaboración un Plan integral de inclusión para as persoas refuxiadas que ademais da cuestión habitacional, ofreza solucións a través do acceso a servizos básicos ; da adquisición de terreos e vivendas abandonadas no rural polas numerosas renuncias para herdar dos propietarios, todos sabemos que están sendo miles as propiedades que hai no agro galego, que están pasando a mans do Estado, abandonadas porque as herdanzas non as quere recibir ninguén polo pau que lles pega despois Facenda; e así mesmo, tamén, a integración laboral, sociocultural e formativa no ámbito en que se desenvolvan.

2.Requirir da FEGAMP a colaboración necesaria para a creación dunha listaxe de vilas e aldeas con problemas de despoboamento e abandono de propiedades para elaborar un mapa que comprenda todas estas zonas tanto na provincia da Coruña como, por extensión, no resto de Galicia, onde se poida aplicar o Plan de inclusión para as persoas refuxiadas.

3.Incluír este asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria da Comisión Informativa de Benestar Social, que se ía convocar, e nunca se convocou, non só de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero.

4.Poñer en coñecemento do resto das Administracións públicas (estatal, autonómica e locais) e do Fondo Galego de Cooperación como axencia municipal de cooperación galega estes acordos adoptados polo Pleno desta Corporación.

Sr. Dios Diz

Grazas Sr. presidente. Bos días a todos e a todas.

En primeiro lugar, gustaríame parabenizar a Gelo pola valentía que ten en traer este debate aquí, non é a primeira vez, en Compostela Aberta consideramos que estes debates se teñen que dar con independencia de que esteamos ou non de acordo coas propostas concretas. Concordamos con moitos dos argumentos que ofrece Alternativa dos Veciños na súa moción, de feito a nosa formación ten promovido acordos a favor do paso seguro e a acollida a solicitantes de asilo e aos refuxiados de numerosas guerras que na actualidade se suceden nas proximidades de Europa. Lamentamos así mesmo que teña que ser un tribunal quen lembre ao Goberno o incumprimento das súas obrigas internacionais de acordos vinculantes e obrigatorios para a acollida e recolocación dos asilados. Porén non compartimos as solucións que se propoñen, a primeira razón é porque a situación de asilo e refuxio é temporal, tal e como recomendan os organismos internacionais, ata que os agora refuxiados logren regresar á súa terra, que é o que queren. Como ben dixo Gelo, o primeiro que temos que esixir son políticas internacionais que non os obriguen a fuxir, que permitan a reconstrución dos seus países en conflito e as condicións axeitadas para a súa volta o antes posible. Os refuxiados veñen para unha estancia temporal, limitada, non para un asentamento definitivo e para o seu arraigo como colonos.

A segunda razón é que os asilados deberan de ter dereito a escoller o seu destino en función dos seus intereses, da presenza de familiares, etc., forzar polo tanto a súa recolocación nun lugar concreto, entendemos que contravén tamén o dereito internacional e mesmo o interno, e é ademais pouco axeitado desde o punto de vista da integración social, esta proposta podería conducir á falta de integración, a un guetto, e xera dificultades para a vida diaria. O noso rural despobóase pola ausencia de servizos, e as persoas asiladas teñen unha grande necesidade deles e maiores dificultades sociais aínda, de orde lingüística, cultural, económica, ou mesmo de coñecemento do medio físico, mesmo no apartado laboral.

En consecuencia o plan que está propoñendo Alternativa dos Veciños, debería de levar aparelladas intervencións de inclusión moi ben dotadas en termos de recursos humanos e económicos, para ofrecer alternativas durante anos, garantindo a estabilidade e futuro ás persoas asiladas, e para abordar cos locais os posibles prexuízos cara a acollida. Esa inclusión, se xa nas cidades e vilas é complexa, sobre un territorio disperso, con poucos servizos e cunha poboación que ha acoller concentrada en núcleos concretos, pode resultar case que imposible. Ademais a resolución administrativa deste plan é incompatible coa urxencia da atención ás persoas solicitantes de asilo, en moitos casos o despoboamento vén acompañado de situacións de propietarios descoñecidos, de terreos sen deslindar. Se resolver estas cuestións xa supón un gran esforzo, e tempo, cando se trata de trámites ordinarios, como concentracións parcelarias, dificilmente se pode aplicar a situacións de urxencia como esta crise humanitaria. Estamos falando, polo tanto, de resolver problemas complexos de propiedade, de rehabilitar vivendas, núcleos de poboación, de dotalos de servizos dos que agora carecen, de establecer mesmo plans complexos de asistencia social, onde agora non existen recursos sociocomunitarios suficientes para acoller a persoas que precisan unha solución urxente e inmediata.

Coincidimos con Gelo na necesidade de atender os asilados, e que en Galicia temos un problema de despoboamento, pero son dous problemas, desde o noso punto de vista, distintos, e desde o noso parecer, un non soluciona o outro. Por esas razóns, imos absternos nesta proposta.

Sra. Fraga Sáenz

Bo día a todos e a todas. Nós tamén imos absternos nesta proposta, porque aínda que efectivamente tamén concordamos no cen por cento coa exposición de motivos e coa idea que se propón, esta seguro que moi ben intencionada, non nos parece suficiente e cremos que precisa dunha fonda reflexión que podemos facer no ámbito desta Administración ou doutras, ou de espazos que xa están creados tamén para isto, en todo caso, concordando coa exposición, as medidas que se propoñen parécenos que necesitan máis reflexión. Desde logo, é precisa a recepción de persoas refuxiadas, pero cremos que a prioridade para as institucións hoxe en día debería de ser a denuncia da actitude pasiva da Unión Europea, sobre todo da actitude inhumana do Goberno italiano, e a complicidade dos estados europeos. O mar Mediterráneo estase a converter nunha foxa común a ceo aberto, as patrullas de fróntex fan un labor de protección de fronteiras e non de protección de vidas humanas, e isto é un escándalo, e na denuncia diso é onde queremos poñer todos os esforzos.

Cremos que as institucións deben de estar para iso e para prestar colaboración ás entidades que están en Lampedusa, en Lesbos, e tamén en Algeciras, na costa de Andalucía ou na costa de Canarias, en barcos no medio do mar rescatando vidas humanas, e denunciando a Europa fortaleza que, insistimos, mira para outro lado nun problema tan grave.

A colaboración coas entidades que cada día rescatan vidas no mar ou na terra, e se fan cargo dos centos de cadáveres que producen estas políticas, e esas entidades que asumen o traballo das administracións nas cidades de acollida, que non nos deixan, nós levamos anos, os gobernos de diferentes cidades, de case todas as cores políticas, pedíndolle ao Estado español que nos asigne fondos porque os concellos queremos acoller e acollemos, non nos queda ademais ningunha outra alternativa, porque se está acollendo a través de entidades privadas, que nun momento dado deixan de poder seguir atendendo a esas persoas, e pasan a ser cidadáns nas nosas cidades e concellos. Entón, evidentemente estámonos facendo cargo da situación, pero todos eses fondos prometidos nunca chegan e, desde logo, non chegan neste caso aos concellos que os reclamamos.

Confiamos que o novo Goberno do Estado cambie estas políticas, de momento fíxose algún pequeno gran xesto simbólico, como foi o do caso do Aquarius, que aplaudimos, pero que é insuficiente. As políticas migratorias evidentemente están fallando e, polo tanto, na Europea do século XXI estase producindo un retroceso enorme na defensa dos dereitos humanos, que leva cada día a centos, miles de persoas, que deixan a vida no mar e nas fronteiras no camiño dunha vida, non mellor, senón dunha vida. Nese sentido apoiar toda a exposición de motivos, pero hai que tomar outras medidas máis fondas.

Sr. Regueira Varela

Nós xa hai dous anos, cando se presentou unha moción similar, diciamos que a moción estaba chea de boas intencións, pero si tamén recalcábamos algún dos aspectos que recalcou na súa exposición o portavoz de Compostela Aberta. En todo caso, como seguimos pensando que esta moción está chea de boas intencións, e que a moción é o suficientemente aberta para interpretar moitas cousas, e non só o problema dos refuxiados, senón que a moción leva implicitamente aparellado problemas de integración da migración, problemas de despoboamento, e sabendo que todo o que se expón nela é certo, e sabendo tamén que as intención son boas, consideramos que debemos de apoiala, e debemos de apoiala desde un punto de vista que consideramos que non é baladí, cremos incluso que é necesario que Galicia conte cun Plan de integración das persoas migrantes e das persoas refuxiadas, outros territorios do Estado español contan con el e fixeron estudos ao respecto.

Nós si consideramos, e así llo transmitimos a través dunha emenda ao portavoz de Alternativa, que esta Administración seguramente non ten nin o persoal, nin as competencias, nin os especialistas suficientes para facer un traballo da envergadura que se propón na moción, pero si consideramos que esta Administración si pode colaborar coa Xunta de Galicia e cos concellos da Galicia en elaborar entre todos ese plan integral, polo tanto, a nosa emenda consiste en cambiar a primeira liña da proposta de acordo, e onde di que a Deputación promova, nós entendemos

que o que debe ser é "Instar á Xunta de Galicia a que en colaboración coa Deputación e os concellos elabore un Plan..." e o resto de puntos seguilos mantendo.

(Abandona o salón a Sra. Delso Carreira).

E por que consideramos isto? Porque hai territorios, como dicía antes, que xa o fixeron. Os territorios do Val do Ebro, as comunidades da Rioxa, de Navarra, Aragón, a Comunidade de Aragón, e incluso a provincia de Lleida, desenvolveron un proxecto europeo, que teño aquí nas miñas mans, que ten un apartado de conclusións, recollido nun documento, que se titula, "Guía metodolóxica de novos sendeiros para a integración de familias inmigrantes nas zonas rurais despoboadas". O estudo fíxose con 385 concellos dese ámbito territorial, é certo que só 44 asinaron o convenio que se propoñía, realizáronse 25 visitas aos concellos que participaron no proxecto europeo e os resultados tiveron a integración de 21 familias no territorio desas comunidades. Polo tanto, evidentemente eses datos o que trasladan é que a cousa non é fácil, é complexa, e como dicía tamén a portavoz de Marea Atlántica, este prisma ten moitas caras que hai que estudar, e non dependen única e exclusivamente da administración local, nin provincial, nin sequera autonómica ou estatal, senón que fan falta moitísimas medidas para que isto dea bos resultados. Pero si cremos, e no BNG consideramos, que as persoas que decidimos estar en política non é simplemente para sufrir a realidade, tamén temos que facer algo positivo para cambiala, e nós cremos que podemos achegar todas as administracións facendo ese plan de integración que leve aparellado múltiples medidas, que despois evidentemente a realidade xa nos poñerá a todos os pés no chan para ver ata que punto é posible ou cales son as circunstancias que imposibilitan que cuestións que no papel aparentemente parecen fáciles, non o son tanto.

Nós cremos, efectivamente, que non hai que mesturar inmigración simplemente con medio rural. Os refuxiados teñen que ter espazo nas vilas, nas cidades, e tamén, efectivamente, no medio rural, sen converter os espazos de refuxiados en guettos onde única e exclusivamente poidan habitar eles, senón que se teñen que mesturar coa sociedade que acolle, e a sociedade que acolle ten que ser unha sociedade tamén que está predisposta ao acollemento.

Nós cremos que a moción ten, efectivamente, boas intención, cremos que se pode avanzar tamén na elaboración dese estudo e polo tanto imos votar favorablemente, se se acepta, en todo caso, a pequena emenda que facemos ao primeiro punto.

Sra. García Gómez

Non cabe dúbida de que a situación que están a vivir estes milleiros de familias é dramática, nós non imos volver repetir o que xa se dixo aquí porque corroboramos todas as palabras do noso compañeiro Manolo Dios, e estamos practicamente de acordo con practicamente todos os contidos da exposición de motivos presentados na moción de Alternativa dos Veciños.

Si é verdade que estamos falando de toda a problemática que existe, pero ninguén falou ata agora, e cómpreme a min falar, do que si se está a facer, que humildemente está a cumprir a Xunta de Galicia dentro das súas posibilidades.

Galicia ten unha estratexia de inclusión social xa, cando se activou o Plan europeo para dar acollida ás persoas desprazadas pola guerra de Siria no ano 2015, Galicia ofertou 300 prazas en residencias de titularidade pública, e ademais a FEGAMP achegou prazas a través de pisos e vivendas en distintos municipios galegos, seguindo as indicacións tamén do Goberno central naquel momento, que é o competente nesta materia, o Plan de acollida realizouse a través de acordos con entidades de iniciativa social, en concreto, Cruz Vermella e Provivenda que firmaron convenios co IGUS para a cesión de pisos facilitados por entidades financeiras para aloxar a todos estes refuxiados, tendo cubertas as necesidades residenciais e básicas con cargo ao financiamento do Ministerio, e asumindo a Consellería de Política Social a coordinación, seguimento e posta a disposición dos recursos necesarios, sanidade, educación, servizos sociais, etc.

No 13 de xuño deste ano hai un total de 747 persoas acollidas que collen un itinerario de acollida, integración e autonomía, que dura dous anos. A partir de aí, rematado o programa, a situación destas persoas equipárase á de calquera galego ou galega, podendo acceder a prestacións que fosen necesarias, Risgas, axudas de inclusión social, proxectos de inserción laboral, programas para persoas en risco de vulnerabilidade, independentemente de que consideramos, como xa dixo Manolo Dios, que esta situación ten que ser temporal e eles onde teñen que rematar é no país de orixe, e que o que habería é que solucionar o conflito no país de orixe, como tamén o mencionou o compañeiro de Alternativa dos Veciños. No recente caso do Aquarius, que é o máis publicitado, a Xunta comunicou os recursos dispoñibles, entre eles once vivendas baleiras e quince prazas en centros de menores, para menores non acompañados, e a FEGAMP achegou outras once vivendas máis.

Dito isto, e dito humildemente, Galicia está a cumprir desde o primeiro minuto, e seguirá cumprindo, segundo os mandatos, segundo o que teña que recibir, pero con responsabilidade e segundo os recursos. Estamos de acordo totalmente con que o Estado teña que cumprir, pero Galicia, A Coruña, non pode asumir a todos os refuxiados amparándose, como xa se falou, nunha crise demográfica.

Non distamos da proposta de acordo da moción en que se siga desenvolvendo ese Plan estratéxico de inclusión social, que no seu obxectivo primeiro incluía a creación dun dispositivo de acollida para persoas refuxiadas que chegasen á nosa comunidade autónoma, polo tanto, un Plan de inclusión social xa existe. Cremos que satisfactoriamente se están ofrecendo solucións ás cuestións habitacionais e o acceso aos servizos sociais, así como a súa integración sociocultural, laboral e formativa, pero podemos seguir traballando nestes eidos, e sumar todas as iniciativas viables e sostibles, ou sexa, é factible o que falaba o noso compañeiro do BNG tamén para seguir traballando nese Plan de inclusión social, pero consideramos que non nos cómpre tomar as decisións en canto a repoboar nós vilas e aldeas, porque os terreos e vivendas cuxos herdeiros renunciaron a elas, ou as que non teñen herdeiros, seguen un procedemento complexo que leva anos, que está regulado no dereito civil de Galicia, e despois de pagar as débedas, se houbera herdeiros que renuncian a esa herdanza, ou no caso de herdanzas baleiras, herda a propia comunidade autónoma, non herda o Estado, en Galicia herda a propia comunidade autónoma, coa obriga de destinar os bens aos establecementos de asistencia social ou institución culturais, que

se sitúen no termo municipal de causante, en todo caso, e subsidiariamente despois, que o marca a comunidade autónoma.

Polo tanto, nós non podemos pasar por riba da lexislación, nin somos quen de suspendela, dito isto, claro que estamos de acordo en buscar solucións a esta barbarie, por iso ímonos abster na votación, pero quizais, que xa tamén o comentou a nosa compañeira da Marea, a quen tiñamos que instar era aos organismos competentes, a Unión Europea, o Estado, ou incluso a organismos internacionais de ámbito mundial, para que dunha vez por todas cheguen a acordos na procura dunha solución real e efectiva a esta dramática situación.

Sr. García Seoane

Simplemente matizar algunhas intervencións, o compañeiro de Compostela, el que é unha persoa que ten moitos coñecementos neste tema, das persoas refuxiadas, e leva moitos anos loitando nese aspecto, sabe, el sabe ben que a xente que escapa, a maior parte da xente que escapa das guerras, e das guerras, non só das bombas, tamén das guerras relixiosas, non pode volver a casa, porque tan pronto volva a casa está exposto a que o maten. Polo tanto, iso é unha realidade crúa, que está aí, por iso a xente escapa dunha morte segura. Tampouco poden volver a casa porque cando volven a casa non hai casa, nin hai medios para reconstruíla, nin hai nada, quedáronse sen nada, moitos deles eran ricos, aquí en Europa recolleuse por certo a eses ricos, médicos, enxeñeiros, etc., que están traballando por salarios miserables, en relación cos que teñen aquí en España, eses si son recollidos, eses si que foron recollidos, están neses tres mil e pico que foron recollidos, eses que non teñen nada máis que o día e a noite, non foron recollidos ningún. Polo tanto, era simplemente aclarar iso.

Respecto á Marea na Coruña din que se necesita máis reflexión, cantos anos levamos reflexionando desde que empezamos a bombardear África e Oriente?, cantos anos levamos reflexionando?, cantas son as persoas que morreron?, cantos milleiros son os que escaparon polo mundo adiante? Son máis de dous lustros, moito máis de dous lustros sen reflexión e propostas baleiras, por exemplo, cando foi esa crise aí atrás, todo o mundo "eu quero seis, eu quero cen", que me digan algún dos que dixeron que querían cen ou que querían seis, se os teñen nos seus concellos. É que é unha demagoxia tremenda, e non se pode ser tan demagogo. Ningún concello ten a ningún refuxiado neste momento, ningún, e seguen nesas cárceres que son cárceres polo sur de España, alí metidos ata que os manden para o seu país, ou sabe Deus o que fan con eles.

E respecto a guetos, estou contra os guetos, levo toda a miña vida loitando contra os guetos, non é gueto, poñer dúas familias, tres familias, nun municipio que quedaron dez casas na aldea, con persoas maiores, e que vai desaparecer esa aldea, non é un gueto levar alí esas familias, se esas familias queren traballar no agro ou na artesanía, porque son distintas posibilidades que existen, preto dunha vila, por exemplo no municipio do presidente, que eu coñezo bastante, hai un montón de aldeas baleiras, pero un montón, eu percorrín eses montes que hai por alí enriba, cinco, sete casas, que están a dous, cinco quilómetros da vila principal, iso non sería nunca un gueto, e por tanto, poño un exemplo, Arteixo é un dos concellos que acolleu máis cidadáns aquí na comarca da Coruña, que ten máis cidadáns do norte de África

e de Oriente, que problema ten Arteixo?, que eu saiba non ten ningún problema, que eu saiba, polo menos non transcende publicamente, pero Arteixo é un exemplo de que tamén se poden recoller as persoas que andan polo mundo e que recalan nun punto determinado, encontran o seu traballo, encontran a súa vida e, polo tanto, a súa felicidade. En Oleiros tamén temos, temos iranianos, temos sirios, tamén os temos. Falei porque o teu exemplo, Calvelo, eu non estou falando de que recollas, estou falando da realidade que tes no concello hoxe, que é unha realidade que os que non o queiran coñecelo, non saben, non están en política, pero eu si estou en política, sei que tedes unha comunidade grande musulmá, e que non pasa nada con ela. Polo tanto, esa é a realidade.

E despois eu a verdade que non esperaba que algúns grupos aprobaran esta moción, en concreto o Partido Popular, porque senón están os trinta e pico mil aquí en España repartidos é porque o Partido Popular non quixo.

Sr. Regueira Varela

Antes de nada, pedirlle a Gelo que diga se acepta a emenda.

Sr. García Seoane

Si a acepto.

Sr. Regueira Varela

Nós imos votar a favor, en todo caso, recalcar varias cousas. Aquí o que está pedindo Alternativa dos Veciños eu considero, o meu grupo, o BNG considera que é unha cuestión razoable, é nin máis nin menos que elaborar un plan de carga sobre o que podemos, as persoas migrantes e refuxiadas que podemos acoller con garantías. Cando se apela aquí á lexislación sobre a propiedade privada e pasar por enriba de non sei que lei, hai que recordar unha cousa, aquí estamos facendo un plan de acollemento, ben, propoñendo un estudo para un plan de acollemento, en cousas tan banais como turismo, facemos plans de carga turística e estudos de carga turística e non pasa nada, sabendo que a propiedade privada que hai que mantela, etc., etc. Aquí o único que está pedindo Alternativa dos Veciños é que ese plan exista, se elabore e se acolla con garantías, non está planificado o acollemento, ou eu polo menos non o coñezo, -vai poder vostede, pero déixeme acabar-, eu entendo que nestes momentos onde nas zonas turísticas se está debatendo sobre a cantidade de turistas que poden vir ou non, elabóranse plans ao respecto e non se pon en dúbida a propiedade privada, nin os servizos nin nada, que seguen sendo coas competencias e a titularidade que teñen inicialmente, no caso de persoas que, por desgraza, teñen que fuxir do seu país, ou simplemente migrar para buscar un porvir, evidentemente, calquera administración debería de ter tamén elaborado un estudo e unha planificación do que podería facer.

Eu é o que entendo nesta moción, polo tanto, non lle vexo ningún tipo de problema, todo o contrario, creo que é un instrumento necesario no que debemos colaborar todas as administracións.

Sra. García Gómez

Eu simplemente para aclararlle ao compañeiro do BNG que desde o momento que a propiedade deixa de ter herdeiros deixa de ser privada en canto se fai a comunidade autónoma con ela. Nós non estamos dicindo que non se puidese facer nada con esas vivendas baleiras. O Código Civil esixe a poxa deses bens para facerse efectiva o Estado con elas, e na comunidade autónoma supoño que terán que ser os asesores xurídicos ao respecto da comunidade autónoma quen faga unha valoración. Nós desde logo o que dicimos é que non somos competentes nós, pero eu insisto, falamos de seguir traballando en medidas, non estamos en contra da moción, estamos falando de facer ese Plan de inclusión, vostede falou de incorporar vivendas, todo iso esixe un traballo detrás que hai que facer, que non somos nós competentes, que podemos pedir se realmente queremos sentarnos a facer ese tipo de plan, o primeiro que temos que pedir é información á Asesoría Xurídica da Xunta con respecto a eses bens que si que efectivamente recibe a comunidade autónoma, se se poxan, non se poxan, e despois se eses bens poden ser aplicables aínda que sexa en terceiro lugar a comunidade autónoma, onde se pode investir ou ben onde están, investir se se poxan ou onde están, en que vilas, en que situacións, agora, entendo que non se poderán recoller as vilas como tal, salvo que sexa unha herdanza moi grande a que estea totalmente baleira de herdeiros, pois moi ben, pero non creo que estean todos concentrados, entón, nós o que pedimos é un estudo, porque nós non podemos pasar por enriba da lexislación, nin podemos suspendela, iso quería aclaralo con respecto a súa valoración sobre os bens privados.

Sr. Regueira Varela

O estudo é o que pide a moción, a moción o que pide exactamente é iso, elaborar un plan, un estudo para, é xustamente iso.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Para os efectos de saber o que imos votar, se é posible introducir in voce, despois de iniciado o debate, unha emenda, respecto dun acordo que tiña un texto concreto. Cómo quedaría o acordo?, dígoo para clarificar o que votamos.

Sr. secretario

O acordo é o seguinte sen a exposición de motivos, segundo parece dicir, o único que se vai acordar é isto, que non cambia moito respecto á moción presentada por Alternativa dos Veciños, agás o primeiro punto, que di así:

Primeiro, en troques de dicir que a Deputación promova xunto coa Xunta de Galicia, o texto definitivo que se vai someter a votación é o seguinte:

Instar á Xunta de Galicia para que, en colaboración cos concellos e a Deputación, elaboren un Plan integral de inclusió n para as persoas refuxiadas que ademais da cuestión habitacional , ofreza solucións a través do acceso a servizos básicos ; da adquisición de terreos e vivendas abandonadas no rural polas numerosas renuncias a

herdar dos lexitimarios; e da integración laboral, sociocultural e formativa no ámbito en que se desenvolvan.

E o resto penso que é o mesmo , punto segundo é : Requirir da FEGAMP a colaboración necesaria para a creación dunha listaxe de vilas e aldeas con problemas de despoboamento e abandono de propiedades para elaborar un mapa que comprenda todas estas zonas tanto na provincia da Coruña como , por extensión, no resto de Galicia, onde se poida aplicar o Plan de inclusión para as persoas refuxiadas. O punto terceiro tamén é o mesmo que estaba na proposta inicial: Incluír este asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria da Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero. E o cuarto punto: Poñer en coñecemento do resto das Administracións públicas (estatal, autonómica e locais) e do Fondo Galego de Cooperación como axencia municipal de cooperación galega os acordos adoptados polo Pleno a este respecto para engadir as achegas que estimen oportunas.

Segundo parece, o presidente propón votar directamente a emenda, porque o grupo propoñente da moción está de acordo, votaríase este texto que acabamos de ler agora.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 16 deputados (13 do PP, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e as abstencións do PP, Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS PARA A CREACIÓN DE LUGARES DE ACOLLIDA A PERSOAS REFUXIADAS NOS NÚCLEOS RURAIS DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As guerras orixinadas polos Gobernos de Occidente en países como Iraq , Siria, Afganistán, Libia ou Iemen teñen provocado a maior crise de refuxiados desde a Segunda Guerra Mundial. Hai máis de dous anos, este Grupo provincial achegou unha proposta real para dar unha saída, na medida das posibilidades desta Institución, ao drama de moitas familias que foxen desas guerras, percorrendo milleiros de quilómetros sen rumbo fixo coa fin de conseguir algo de paz lonxe das bombas. Ante a abstención anunciada entón polos grupos PP, PSOE, BNG e

Compostela Aberta, se instou a deixar o asunto sobre a mesa **co compromiso de abrir os foros de debate necesarios para abordar esta problemática.**

Dous anos despois seguimos coa mesma problemática e con poucas solucións. Segundo datos do informe para 2018 da Comisión Española de Axuda ao Refuxio, só en 2017, 31.120 persoas solicitaron protección internacional en España , aproximadamente a poboación total do Concello de Culleredo. **Desde que a Unión Europea lle asignara a España unha cuota de 19.449 persoas, só se lle concedeu o estatuto de refuxiadas ao 12,85 %.** Neste sentido o Tribunal Supremo acaba de condenar ao Estado español polo incumprimento desa cuota a instancias dun contencioso-administrativo interposto pola asociación *Stop Mare Mortum.* Este fallo xudicial demostra o fracaso dos Gobernos coas políticas de acollida e refuxio e obriga a España a continuar coa tramitación do 87,15 % das solicitudes de asilo restantes por ser **o acordo coa Unión Europea en 2015 *"vinculante e obrigatorio"*.** E o primeiro tribunal nacional en condenar ao seu país por incumprir os compromisos de reubicación dos asilados acordados pola UE en 2015. Estamos, pois, nun momento que require tomar medidas efectivas desde xa.

Os políticos realmente comprometidos estamos de acordo en que a solución principal está en facilitar que os pobos non teñan que saír dos seus países. En que se poidan sentir seguros nos seus fogares e, en caso de ter que fuxir, poidan retornar a eles máis adiante. Pero a realidade indícanos que estes centos de milleiros de persoas seguen escapando dunha guerra infinita que lles deixa sen casas, sen familia, sen terra e sen traballo. Que os anula como seres humanos e lles quita o fogar ao que quererían volver.

Os países que provocamos esas guerras temos a obriga de, ademais de deixar de bombardear, dar refuxio e acollida aos que foxen do terror e da metralla. Con política, non con xestos cara a galería e demagoxia. Porque a chegada do barco *Aquarius* ao porto de Valencia foi un movemento admirable e hai que recoñecelo, así como hai que condenar que Italia lle negase porto seguro. Pero tamén hai que sinalar que non podemos seguir armando a países como Arabia Saudita. Na política sobra hipocrisía e faltan actos e solucións reais.

No ano 2017, segundo datos da Organización Internacional para as Migracións (OIM), 3.116 persoas perderon a vida mentres trataban de chegar a Europa a través do mar, entre eles 170 nenos. Pero quen de nós coñece algunha desas 3.000 historias? Ninguén. Non obstante, temos cada día un novo perfil monográfico de cada un dos 12 nenos que, por sorte, foron rescatados na cova de Tailandia. Abrindo todos os diarios e telexornais. Creando unha axenda que desvía a atención sobre unha realidade tamén terrible e máis próxima do que semella: **o Mediterráneo é a nosa gran cova, onde a maior parte dos nenos non son rescatados**. Onde milleiros afogan coas súa historias.

En definitiva, temos un problema coas políticas de asilo ao cal non se lle están poñendo solucións. En Galicia contamos con outro terrible problema relacionado co despoboamento e cunha crise demográfica insostible que tamén precisa de solucións. Esta circunstancia ten que ser un toque de atención para Institucións como esta, que brinda apoio a 93 concellos.

Por todo o exposto, e co ánimo de buscar unha solución real para tantas familias en desgraza a través de políticas de asilo dentro das fronteiras da Unión Europea e tendo en conta a necesidade imperiosa de aplicar medidas contra o despoboamento do rural galego, solicítase ao Pleno provincial a aprobación dos seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia para que , en colaboración cos concellos e a Deputación, elaboren un Plan integral de inclusión para as persoas refuxiadas que ademais da cuestión habitacional , ofreza solucións a través do acceso a servizos básicos; da adquisición de terreos e vivendas abandonadas no rural polas numerosas renuncias a herdar dos lexitimarios; e da integración laboral, sociocultural e formativa no ámbito en que se desenvolvan.

2. Requirir da FEGAMP a colaboración necesaria para a creación dunha listaxe de vilas e aldeas con problemas de despoboamento e abandono de propiedades para elaborar un mapa que comprenda todas estas zonas tanto na provincia da Coruña como, por extensión, no resto de Galicia, onde se poida aplicar o Plan de inclusión para as persoas refuxiadas.

3. Incluír este asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria da Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero.

4. Poñer en coñecemento do resto das Administracións públicas (estatal, autonómica e locais) e do Fondo Galego de Cooperación como axencia municipal de cooperación galega os acordos adoptados polo Pleno a este respecto para engadir as aportacións que estimen oportunas."

(Abandonan o salón o Sr. Calvelo Martínez, a Sra. Gallego Neira e o Sr. Pequeño Castro).

IV.MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DE MAREA ATLÁNTICA E COMPOSTELA ABERTA EN RELACIÓN COA SINATURA DO TRATADO SOBRE A PROHIBICIÓN DE ARMAS NUCLEARES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As armas nucleares son o maior perigo inmediato de extinción da raza humana. Hai xa cincuenta anos, o 1 de xullo de 1968, abríase á sinatura o Tratado Internacional de Non Proliferación Nuclear (NPT, polas súas siglas en inglés), asinado pola gran maioría dos estados soberanos. Foi un primeiro paso para o control do armamento nuclear, a restrición no seu uso e a promesa de redución dos arsenais existentes de aquela. A este Tratado seguiron outros convenios bilaterais, como os acordos START e AMB entre os EE.UU. e a URSS/ Rusia, así como outros tratados multilaterais que prohibiron mesmo os ensaios nucleares.

Estes convenios partían do acordo case universal de que a paz no mundo non podía depender do principio de Destrución Mutua Asegurada; é dicir, que as grandes

potencias evitarían os conflitos armados entre elas polo temor a que o rival empregase armas atómicas, o cal levaría a unha resposta equivalente por parte do contrincante. O equilibrio e a paz partían, pois, dun xogo de suma cero onde todos os xogadores perdían e o mundo sufriría unha hecatombe.

No seu lugar, a comunidade internacional decidiu buscar fórmulas que garantisen a redución e mesmo a destrución do arsenal nuclear, como fundamento dunha paz duradeira. A incerteza e os riscos asociados á perda de control sobre o armamento nuclear tras a desmembración da URSS, así como a constatación de que existen -cando menos- cinco estados non asinantes do Tratado NPT que poderían posuír armamento nuclear, obrigou a reformular o seu uso e posesión por parte da comunidade internacional.

Ademais, na última década esamos a comprobar como algúns dos países asinantes do Tratado NPT, incluso membros do Consello de Seguridade da ONU, cuestionan o seu contido ou mesmo incumpren as súas cláusulas. A escalada na investigación atómica de algúns países, xunto coa chegada ao poder de mandatarios que equiparan o "orgullo nacional" coa posesión de armas nucleares, están a crear un mundo máis inseguro. Entre outros exemplos recentes, atópase a ruptura por parte de EE.UU. do acordo sobre o Plan de Acción Integral Conxunto para a limitación ao programa nuclear iraniano, ou os anuncios do presidente ruso sobre novo armamento atómico.

Hai un ano, no mes de xullo de 2017, a ONU adoptou o Tratado sobre a Prohibición de Armas Nucleares, o primeiro que as declara ilegais. A resolución foi aprobada con 122 votos a favor, e prohíbe o desenvolvemento, as probas, a produción, adquisición e a posesión de arsenal ou explosivos nucleares. Lamentablemente, numerosos países, entre eles os nove con capacidade nuclear probada, non participaron nas negociacións nin asinaron o tratado. Tampouco foi asinado polos países membros da OTAN, entre eles, o Estado español.

España non posúe armamento nuclear nin foi vítima do seu uso militar, pero si coñece os riscos derivados da súa existencia e almacenaxe, pois 52 anos despois aínda persiste a contaminación radioactiva asociada ao incidente de Palomares, Almería, de 1966; un dos maiores accidentes nucleares da historia. Por esta razón, entre outras, o Estado español debera ser un promotor activo da cultura da paz e da prohibición deste tipo de armas.

A paz debe ser cultivada, construída continuamente e compartida mediante o apoio de todas as realidades asociativas, entidades públicas e administracións que promoven a paz como un valor absoluto e primario para a continuidade da vida na terra. É fundamental crear unha cultura de paz e desarme para garantir ás xeracións futuras a oportunidade de vivir nun mundo o máis pacífico posible.

Por estes motivos, proponse ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña a adopción do seguinte ACORDO:

1.-O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta ao Goberno do Estado a asinar o Tratado sobre prohibición de armas nucleares aprobado pola ONU en xullo de 2017, a promover a súa sinatura por parte dos países membros da OTAN e demais estados

que aínda non o ratificaron, e a levar a cabo, en concordancia coa ONU, as accións diplomáticas multilaterais que conduzan á eliminación definitiva do armamento nuclear.

2.-Darlle traslado deste acordo, para o seu coñecemento, ao Goberno do Estado, á Federación Española de Municipios e Provincias e á rede Mayors for Peace.

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. presidente, bos días de novo.

En escasas datas, o 6 e o 9 de agosto, cumpriranse 73 anos dos bombardeos atómicos de Hiroshima e Nagasaki, tamén no mes de agosto, o día 29, celébrase o Día Internacional Contra os Ensaios Nucleares, penso, polo tanto, pensamos, que esta é unha boa data para lembrar que as armas nucleares son o maior perigo inmediato de extinción da especie humana.

Desde 1945 tiveron lugar 2056 probas nucleares, ata 1980 tíñanse lanzado sobre a terra o equivalente a 29000 bombas de Hiroshima. Porén neste século XXI estamos asistindo a un rexurdir da escalada nuclear. O risco dun conflito atómico é maior ca hai dúas décadas, e non só debido ao seu posible uso por parte dos Estados, senón pola posibilidade de que parte do arsenal atómico caia en mans de grupos incontrolados e pola radicalización interna en estados non consolidados. Por estas razóns, entre outras, hai exactamente un ano, en xullo de 2017, a ONU, Nacións Unidas, adoptou o primeiro tratado que declara ilegais as armas nucleares. Lamentablemente numerosos países, entre eles os nove con capacidade nuclear probada, non participaron nas negociacións, nin asinaron o tratado, tampouco o asinou aínda o Estado español. Certo que a Administración local non dirixe a política exterior do Estado, pero tampouco podemos permanecer alleos, e con menos motivo cando somos a administración máis próxima ás persoas.

Recentemente desde a Campaña internacional para abolir as armas nucleares, entidade que recibiu o Premio Nobel da Paz en 2017, fíxose un chamado para que os municipios e tamén as administracións locais nos impliquemos no apoio ao Tratado de Nacións Unidas. Beatrice Fihn é unha avogada sueca, directora da Campaña internacional pola abolición das armas nucleares que en 2017 como dixen recibiu o Premio Nobel da Paz. O pasado mes de xuño estivo en Madrid coa alcaldesa Manuela Carmena, no marco dunha iniciativa internacional pola que está propoñendo que os concellos, as administracións locais en particular, nos impliquemos no apoio a este tratado aprobado polas Nacións Unidas para a prohibición das armas nucleares. Galicia, ademais, constitúe un exemplo neste campo, como recordaba hai uns días o portavoz do BNG en Compostela, no debate deste mesmo asunto, nos anos 70 a cidadanía galega loitou contra a creación dunha central nuclear en Xove, despois veu a loita contras os vertidos na fosa atlántica, en 2006 prohibimos os cemiterios nucleares no noso territorio, e no 2011 a circulación de buques e aeronaves con residuos, armamento ou mercadorías nucleares. Por todas estas razóns solicitamos o voto favorable a esta moción. Moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Primeiro darlle as grazas ao portavoz de Compostela Aberta por facer un percorrido da fonda tradición, do nacionalismo galego, no rexeitamento da enerxía nuclear. Efectivamente, a causa primeiro foi Xove, pero logo a oposición ao depósito de residuos radioactivos na foxa atlántica e posteriormente incluso a paralización doutro posible vertedoiro nuclear, que se pretendeu facer a finais dos 90, e que incluso o concello que eu represento aquí, e onde eu resido e son concelleiro, algunha alternativa política incluso fixo a peregrina achega de que Carballo fora o lugar elixido para que ese cemiterio se situara.

En todo caso, efectivamente, a tradición do nacionalismo é esa, a tradición do BNG é esa, imos apoiar esta moción. Simplemente recordar que no ano 2011 conseguiuse aprobar no Parlamento de Galicia por unanimidade das tres forzas políticas que o compoñían, declarar Galicia como zona desnuclearizada e desde aí foron moitas, ou algunhas as propostas que tamén saíron do Parlamento de Galicia de cara ao Congreso dos Deputados para avanzar nestas cuestións.

Polo tanto, totalmente de acordo coa moción, e nós imos apoiala.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, bos días, simplemente, moi brevemente, gustaríame explicar o posicionamento do voto do Grupo Provincial Popular, que vai ser de abstención, porque si que concordamos co noso compañeiro que é evidente que este pode ser un problema que preocupe, sobre o que obviamente todos podemos ter unha opinión, faltaría máis, pero cremos que este non é o lugar axeitado para adoptar un tipo de acordo como o que se formula. Pero é que ademais gustaríame facer algunha reflexión ao respecto do fondo tamén, porque dá a sensación de que aquí ninguén tivo ningunha preocupación ao respecto da non proliferación e uso de armas nucleares, e parece que os señores de Compostela Aberta, as Mareas de Podemos veñen a facer o que ninguén fixo antes, pero que quede claro, existe un tratado de non proliferación de armas nucleares, iso existe, está asinado e está vixente, e vou empregar as verbas do ministro Borrell, dígoo para non empregar as verbas dun ministro do Partido Popular, o ministro Borrell hai quince días dixo, estudará o Ministerio do PSOE, apoiado por Podemos, o Tratado de non proliferación de armas nucleares, ao que por certo, non se sumou ningún país da OTAN, aínda que lle advertiu a Podemos de que non irá moi lonxe se non o asinou ningún país con armas nucleares. E utilizando ao ministro anterior, o Tratado de prohibición de armas nucleares, ao que se refire o Sr. Dios, que foi asinado por 56 países, 56 é o dato que teño, é o camiño equivocado para frear a proliferación nuclear, e ademais pode acabar prexudicando o actual réxime de non proliferación.

O tratado ao que se refire vostede, Sr. Dios, non logrou incorporar a ningún dos países posuidores de armas nucleares, polo tanto, dá a sensación de que o único que vai facer é confundir, porque existe un tratado asumido e que permitiu a non proliferación de armas nucleares, e polo tanto nós nesta cerimonia de confusión non imos participar e imos absternos. Moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Soamente un dato, foi aprobado por Nacións Unidas, e está ratificado hoxe en día por 122 estados, que son maioría, é dicir, son a maioría da humanidade, do que se trata é de que instemos aos respectivos gobernos a que se sumen a este Tratado aprobado por maioría na Asemblea Xeral de Nacións Unidas o pasado mes de xullo de 2017.

VOTACIÓN

Votan a favor: (14 deputados, 6 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 11 deputados (PP)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DE MAREA ATLÁNTICA E COMPOSTELA ABERTA EN RELACIÓN COA SINATURA DO TRATADO SOBRE A PROHIBICIÓN DE ARMAS NUCLEARES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As armas nucleares son o maior perigo inmediato de extinción da raza humana. Hai xa cincuenta anos, o 1 de xullo de 1968, abríase á sinatura o Tratado Internacional de Non Proliferación Nuclear (NPT, polas súas siglas en inglés), asinado pola gran maioría dos estados soberanos. Foi un primeiro paso para o control do armamento nuclear, a restrición no seu uso e a promesa de redución dos arsenais existentes de aquela. A este Tratado seguiron outros convenios bilaterais, como os acordos START e AMB entre os EE.UU. e a URSS/ Rusia, así como outros tratados multilaterais que prohibiron mesmo os ensaios nucleares.

Estes convenios partían do acordo case universal de que a paz no mundo non podía depender do principio de Destrución Mutua Asegurada; é dicir, que as grandes potencias evitarían os conflitos armados entre elas polo temor a que o rival empregase armas atómicas, o cal levaría a unha resposta equivalente por parte do contrincante. O equilibrio e a paz partían, pois, dun xogo de suma cero onde todos os xogadores perdían e o mundo sufriría unha hecatombe.

No seu lugar, a comunidade internacional decidiu buscar fórmulas que garantisen a redución e mesmo a destrución do arsenal nuclear, como fundamento dunha paz duradeira. A incerteza e os riscos asociados á perda de control sobre o armamento nuclear tras a desmembración da URSS, así como a constatación de que existen -cando menos- cinco estados non asinantes do Tratado NPT que poderían posuír armamento nuclear, obrigou a reformular o seu uso e posesión por parte da comunidade internacional.

Ademais, na última década esamos a comprobar como algúns dos países asinantes do Tratado NPT, incluso membros do Consello de Seguridade da ONU, cuestionan o seu contido ou mesmo incumpren as súas cláusulas. A escalada na investigación atómica de algúns países, xunto coa chegada ao poder de mandatarios que equiparan o "orgullo nacional" coa posesión de armas nucleares, están a crear un mundo máis inseguro. Entre outros exemplos recentes, atópase a ruptura por parte de EE.UU. do acordo sobre o Plan de Acción Integral Conxunto para a limitación ao programa nuclear iraniano, ou os anuncios do presidente ruso sobre novo armamento atómico.

Hai un ano, no mes de xullo de 2017, a ONU adoptou o Tratado sobre a Prohibición de Armas Nucleares, o primeiro que as declara ilegais. A resolución foi aprobada con 122 votos a favor, e prohíbe o desenvolvemento, as probas, a produción, adquisición e a posesión de arsenal ou explosivos nucleares. Lamentablemente, numerosos países, entre eles os nove con capacidade nuclear probada, non participaron nas negociacións nin asinaron o tratado. Tampouco foi asinado polos países membros da OTAN, entre eles, o Estado español.

España non posúe armamento nuclear nin foi vítima do seu uso militar, pero si coñece os riscos derivados da súa existencia e almacenaxe, pois 52 anos despois aínda persiste a contaminación radioactiva asociada ao incidente de Palomares, Almería, de 1966; un dos maiores accidentes nucleares da historia. Por esta razón, entre outras, o Estado español debera ser un promotor activo da cultura da paz e da prohibición deste tipo de armas.

A paz debe ser cultivada, construída continuamente e compartida mediante o apoio de todas as realidades asociativas, entidades públicas e administracións que promoven a paz como un valor absoluto e primario para a continuidade da vida na terra. É fundamental crear unha cultura de paz e desarme para garantir ás xeracións futuras a oportunidade de vivir nun mundo o máis pacífico posible.

Por estes motivos, proponse ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña a adopción do seguinte ACORDO:

1.-O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta ao Goberno do Estado a asinar o Tratado sobre prohibición de armas nucleares aprobado pola ONU en xullo de 2017, a promover a súa sinatura por parte dos países membros da OTAN e demais estados que aínda non o ratificaron, e a levar a cabo, en concordancia coa ONU, as accións diplomáticas multilaterais que conduzan á eliminación definitiva do armamento nuclear.

2.-Darlle traslado deste acordo, para o seu coñecemento, ao Goberno do Estado, á Federación Española de Municipios e Provincias e á rede Mayors for Peace."

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Fraga Sáenz

Son dúas preguntas, interrelacionadas entre si.

Foi público que na operación Enredadera resultou detido Gerardo Feijoo, e posto en liberdade e imputado, xerente de Veicar, que é unha empresa que leva a xestión de moitos dos parques comarcais en Galicia, tamén na Coruña, cos parques de Arteixo, Carballo, Betanzos, Ordes, Arzúa, parte de Ribeira, ten tres en Lugo e todo Ourense. Ante esta situación, e tendo en conta que isto é consecuencia da privatización dos servizos, que deben de ser públicos, preocúpanos a situación dos parques e queremos que nos expliquen en que medida pode afectar ou está afectando isto no proceso de recuperación da xestión pública dos parques, coñecer un pouco o Estado da Comisión técnica, acordos, prazos, etc., tendo en conta que ademais os contratos están a piques de expirar.

E en relación coa pregunta anterior, no que ten que ver con xestión pública de servizos coma o de bombeiros ou de extinción de incendios, e tendo coñecemento exclusivamente, aí e reiterar un pouco o que xa falamos no Pleno, creo que de marzo, por novas de prensa seguimos escoitando o tema de que hai avances, a última foi unha noticia de "La Región" na que di: "Neste momento confirmáronse avances na Coruña", no parque da Coruña cidade, deses supostos avances dos que veñen falando diferentes medios respecto a comarcalización dos parques de bombeiros de xestión pública da provincia da Coruña, e concretamente da cidade, xa que seguimos sendo a única cidade excluída desas conversas que se manteñen, ou supostamente se manteñen, eu non quero poñer o foco exclusivamente na Deputación como responsable, simplemente paréceme que formamos parte, evidentemente como Deputación, e nós como concello especialmente, un pouco por pedir ese apoio e non estou poñendo o foco exclusivamente na Deputación, creo que desta parte é responsable claramente a Xunta de Galicia, que tendo como xa dixen no Pleno de marzo, que temos traballado unha proposta, que queremos formar parte desas conversas, que desde esta Deputación, tanto polo deputado que estaba un pouco responsabilizado do asunto, como na resposta do propio presidente o día que fixen a pregunta no Pleno de marzo, falouse de que ía ser así, de que se vai contar con nós, e seguen aparecendo estas noticias en prensa, insisto, non quero poñer o foco exclusivamente na Deputación, pero seguramente teñades máis información ca nós, falei tamén co alcalde de Carballo, como representante da FEGAMP nesa mesa de traballo, e tamén me indica que lle sorprende que non nos tiveran chamado, co cal intúo que a Xunta está dicindo que si que está avanzando, pero non sabemos con quen.

Entón quería volver a trasladalo para que fagamos un pouco de presión porque creo que concordamos en que non se pode falar da comarcalización do parque da Coruña sen falar co parque da Coruña. Entón, trasladar un pouco esa presión a través da Deputación para que reforcemos o tema. Moitas grazas.

Sr. García García

Bo día. Desde logo non afecta de ningunha maneira á recuperación pública dos parques, seguimos traballando nas mesmas cuestións como estamos traballando desde este momento, intentando a recuperación e levala adiante.

Con respecto á segunda pregunta, como se atopa o proceso de comarcalización dos parques de bombeiros da provincia, é certo que se creou unha Comisión, que empezará a traballar no parque da Coruña, e respecto a segunda parte da pregunta, dicir que o papel que a Deputación lle atribúe ao Concello da Coruña nun eventual proceso de comarcalización do parque da cidade, ese papel terá que ser determinante, xa que o concello será en exercicio pleno da súa autonomía o que concrete e determine os compromisos que vai asumir, non hai máis nada.

De todas formas, este deputado está á súa disposición cando queira, para falar e explicarlle como está todo este tema, toda esta embrolla que parece que alguén non ten claro, pero cando queiran, díxenllo antes e sígollo dicindo.

Sra. Fraga Sáenz

Simplemente porque conste, agradezo a disposición pero si que me gustaría que como Deputación, ante estas novas que, evidentemente, saca a Xunta de Galicia, entendo que non se sacan desde a Deputación, pero si que hai notas de prensa da Xunta de Galicia dicindo que hai eses avances no parque, que teñades en conta esta demanda, de que estamos vendo noticias en prensa pero ninguén nos está informando, simplemente que nos apoiedes na presión perante a Xunta de que non utilicen o parque da Coruña sen falar con el. Nada máis.

Sr. García García

Sen ningunha dúbida, o que si é certo é que non son noticias que saque o Consorcio, non teño nin idea de quen saca as noticias, evidentemente o Consorcio non fixo nin dixo absolutamente nada.

Sr. presidente

Hai unha cousa, eu creo que hai digamos que certa desconexión nas cuestións.

No tema da comarcalización, nós tivemos dúas reunións que promoveu a Consellería da Presidencia, creo que xa cho comentei, co alcalde de Santiago e co alcalde de Ferrol, co alcalde de Ferrol é o máis sinxelo porque xa está en vigor o único parque mancomunado comarcal. Co de Santiago eles teñen unha iniciativa, porque en Santiago son coñecedores de que as únicas dúas zonas de sombra que ten o Consorcio na provincia é na zona de Santiago e na zona de Ferrolterra, eu entendo que esa é a motivación. Despois polo medio, desde a FEGAMP e a Consellería da presidencia, inician un grupo de traballo, que non ten nada que ver con isto que che estou dicindo eu, aínda que é o mesmo tema, pero van por vías paralelas, onde se fala de comarcalización, pero en calquera caso imaxino que saíran de aí esas noticias.

Eu o que quero dicir é que o que faltaría aquí, entendo eu, e a verdade é que non sei porque non se produciu ata o de agora, é esa terceira reunión, entendo que é porque o interesado realmente neste tema polas zonas de sombra era Santiago, Santiago a primeira vez que estiven reunido co alcalde de Santiago foi un dos temas que me sacou, e o de Ferrol porque xa é unha realidade, o de Coruña esa problemática, terá outras, pero esa non. Entón, o que si que podemos facer, e ningún problema seguro por parte da Consellería da Presidencia, é ter xa esa reunión, convocar ao alcalde da Coruña e ter a mesma que tivemos con Ferrol e con Santiago, que entendo que hai que tela, polo menos para ver a intención, ou o interese que pode ter o Concello da Coruña, que mellor ca el ninguén coñece as necesidades da comarca, pero en calquera caso ten que ser así porque, ao final, quen vai decidir se ten interese en comarcalizar ou non é o Concello da Coruña.

Eu falo co vicepresidente da Xunta de Galicia, seguro que esa reunión se convoca rápido para que non haxa ese malestar lóxico por parte do Concello da Coruña.

Sr. Dios Diz

Un rogo breve. O pasado 24 de xullo cumpríronse cinco anos do accidente do tren Alvia 04155 ao seu paso por Angrois, como saben, un accidente que puido terse evitado e que causou a morte a 81 persoas e feridas a outras 145, moitas delas con graves consecuencias para o resto da súa vida.

Neste mesmo salón de Plenos, o 29 de abril de 2016, aprobamos co apoio de todos os grupos menos un unha moción proposta pola Plataforma de vítimas, na cal esixíamos a creación dunha comisión de investigación no Congreso dos Deputados que por fin está en marcha. O que aínda non se activou foi outra das demandas das vítimas, a creación dunha Comisión de investigación independente que determinara as causas últimas e reais do accidente. Naquela mesma moción acordaramos a colaboración provincial na difusión do documental Frankestein 04155.

O rogo é moi simple, que a Deputación provincial conforme ao mandato do acordo plenario de abril de 2016, colabore e anime os concellos da provincia a colaborar na difusión do citado documental Frankestein 04155. Moitas grazas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as catorce horas e oito minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.